

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas e cinco minutos do día trinta e un de xaneiro de dous mil catorce, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa, don Eliseo Fernández Gómez e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Mónica Vázquez Blanco e dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Non asiste a deputada do Grupo Socialista dona Victoria Morenza Doforno.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Antes de entrar na orde do día o Sr. presidente quere darlle os parabéns á Sra. Morenza Doforno pola súa maternidade e di que, logo da modificación do Regulamento orgánico da Deputación, fixo uso do seu dereito e solicitou o voto por escrito. Este voto foi recollido e está en posesión do Sr. secretario nun sobre pechado. Neste momento ábrese o sobre para poder expresar o voto da Sra. Morenza segundo se desenvolva a orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2013.-

O Sr. presidente preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de decembro de 2013.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade (incluído o voto da Sra. Morenza Doforno).

2º.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS Á RPT 2014 E APROBACIÓN DEFINITIVA.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, anuncia a abstención do seu grupo, puntualizando que para o BNG a RPT estará ben definida, pero non é un so traballador nin dous, son varios os que din que fan traballos que non se corresponden estritamente co posto que desempeñan, polo que cren que hai un certo desaxuste.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que no seu día votaron en contra da RPT porque vai vinculada aos orzamentos. Neste asunto vanse abster porque entenden que son reclamacións que fan os traballadores e é un trámite ao que teñen todo o dereito.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que a súa intervención neste punto vale tamén para o seguinte. O Grupo Popular está a favor da proposta da Presidencia, porque non é o resultado dun capricho, senón que é o resultado de moitas explicacións e de reunións da Mesa Xeral de Negociación, na que están representados todos os traballadores pola Xunta de Persoal e polo Comité de Empresa. Moitas destas alegacións máis que alegacións son propostas, polo que a Presidencia manifestou que durante o exercicio 2014 se podían presentar estas propostas, para estudalas e atendelas, na medida do posible, para o ano 2015.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7), da deputada dona Victoria Morenza Doforno que votou por correo (1) e dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Inadmitir a trámite a alegación n.º 13, ao ter sido formulada fóra de prazo.

2º) Desestimar as reclamacións n.º 1, 2, 5, 6, 7, 8, 10 e 12 polos motivos consignados na proposta da Presidencia.

3ª) Estimar as reclamacións n.º 3 e 4 no senso de asignarlle ao posto de operario de mantemento e montaxe do Centro Cultural o grao 1 nos apartados de dificultade e autonomía e iniciativa e o grao 2 de dedicación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

4ª) Estimar parcialmente a alegación n.º 11, no senso de crear un novo posto – sen praza – de Xefe do Equipo de Laboratorio e Fornecementos, reservado a persoal laboral da categoría de auxiliar técnico de laboratorio, con nivel 18 de complemento de destino e complemento específico coa seguinte valoración: dificultade técnica, G2; autonomía e iniciativa, G2; dedicación, G0; responsabilidade G2; penosidade e perigosidade G2 e incompatibilidade nivel 3; para prover por concurso entre auxiliares técnicos de laboratorio; e igualmente no senso de manter o posto de operario de báscula e acopios no Equipo de Laboratorio e Fornecementos; rexeitándose no resto polos motivos sinalados na proposta de Presidencia.

5º) Aprobar definitivamente, coa incorporación das alegacións estimadas, a Relación de Postos de Traballo para o exercicio 2014, ordenando a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS AO PLAN DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS 2014 E APROBACIÓN DEFINITIVA.-

O Sr. presidente abre directamente o debate de cédelle a palabra o Sr. Rodríguez Puga.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que a alegación formulada refírese a unha cuestión admitida noutras administracións (en concreto na administración xeral do Estado e tamén na Xunta), pois pretende que os funcionarios que acceden a un posto de libre designación teñan garantido o regreso a un posto de nivel similar ao que tiñan anteriormente, o obtido por concurso, en concorrencia obxectiva (e non discrecional) con outros funcionarios. Desde o punto de vista dos dereitos de traballadores ten lóxica, pois senón unha persoa que accede a un posto de libre designación, logo de cesar, podería ser destinado a un posto base, co que sería un reinicio da carreira profesional administrativa, e con iso, a permanencia nun posto de libre designación podería converterse nunha penalización. Outra cuestión é a oportunidade política, pois nestes momentos pode verse como unha garantía a postos de libre designación nunha administración clientelar como esta. Sen ter en conta este contexto, o lóxico sería apoiar a alegación, pois é unha homologación coa regulación doutras administracións respecto da carreira profesional do persoal funcionario; non obstante, tratándose desta Institución, exemplo de clientelismo sen parangón, cren que se poida entender a finalidade como unha garantía a persoas moi afíns ao goberno da Deputación, polo que o seu grupo se vai abster neste asunto.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, seguindo o mesmo criterio que no punto anterior, pensan que é unha cuestión técnica, polo que se van abster tamén neste punto.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que non tiña pensado intervir neste punto, pero o Sr. Rodríguez Puga xa prexulga antes de tempo. O Grupo Popular pensa que esta é unha proposta seria e realista e, como xa se dixo, practicada xa noutras administracións (autonómica e central). Pide que lles deixen facer as cousas e logo, se se fan mal, que as critiquen.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7), da deputada dona Victoria Morenza Doforno que votou por correo (1) e dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Estimar a reclamación formulada por don Javier Bobe Vázquez e por don José Juan Cerdeira Lois contra a aprobación inicial do Plan de Ordenación de Recursos Humanos para o exercicio 2014 co seguinte contido:

- Incluir, no apartado de procedementos para a provisión dos postos de traballo establecidos na RPT dentro do Plan de Ordenación de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Ourense, o seguinte: “2.3 Normas relativas aos postos obtidos por libre designación: os empregados públicos que accedan a postos obtidos mediante procedementos de libre designación, terán, en caso de cesamento, dereito á asignación dun posto co mesmo nivel retributivo e funcións similares ao que anteriormente obtiveran por concurso.”

2º.- Aprobar definitivamente, coa incorporación da reclamación estimada, o Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2014, ordenando a súa publicación no BOP.

4º.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DO NOVO MARCO FINANCEIRO DO PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga, para que defenda o contido da moción.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dá lectura á moción, co seguinte contido: “O pasado día 30 de decembro aprobouse a resolución de AGADER pola que se aproba o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013. Como consecuencia deste novo marco financeiro prodúcese unha asignación de fondos aos distintos grupos de desenvolvemento rural existentes na nosa nación que a xuízo do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego se realizou sen ter en conta ningún criterio obxectivo. Non se tiveron en conta nin os indicadores sociais, demográficos, económicos dos concellos e comarcas incluídas en cada GDR, nin as necesidades dunha actuación pública e da realización de investimentos para a corrección dos desequilibrios. Vulnéranse daquela, polo tanto, os criterios e obxectivos fixados no Plano de Desenvolvemento Rural de Galiza e nos propios fundamentos do programa Leader. Co resultado deste novo marco financeiro déixanse de atender con carácter prioritario as zonas rurais máis precisadas de actuacións para a diversificación da súa economía, para a mellora das condicións de vida dos seus habitantes e para o seu rexuvenecemento demográfico mediante a incorporación de novos activos á actividade económica. Non só non se tiveron en conta estas circunstancias senón que tampouco se valorou o nivel de actuacións durante o período nin a demanda de financiamento en función dos proxectos presentados. O resultado desta operación política supón unha auténtica volta atrás na política de desenvolvemento rural. A maioría dos grupos de territorios nos que son máis precisas as actuacións deste programa, é dicir os da Galiza interior, de alta montaña, con maior retroceso demográfico e envellecemento, son aqueles aos que se lles asigna menos recursos. Nalgúns casos moitos destes grupos non reciben recursos para os seus gastos de funcionamento, ou, os que reciben son ridículos o que supón na práctica a cancelación da política de desenvolvemento rural e a desaparición de gran parte destes GDRs. O Bloque Nacionalista Galego considera que esta é unha grave decisión política do goberno, non só porque desmantela un eixo esencial para o futuro do noso rural, senón polas motivacións que se esconden tras esta decisión. Resulta obvio, ao fío do resultado en ante a falta de criterios obxectivos na súa elaboración, que as únicas razóns e criterios son de tipo político partidista. Estas son as razóns polas que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, formula a seguinte moción para o seu debate polo Pleno e solicita a adopción do seguintes acordos: o Pleno da Deputación insta ao Goberno Galego a realizar as seguintes actuacións en relación co establecemento dun novo marco financeiro do programa Leader 2007-2013: 1.- Proceder á anulación da resolución aprobada o día 30 de decembro polo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

director xeral de AGADER polo que se aproban os novos cadros financeiros dos grupos de desenvolvemento rural tras a aprobación do novo marco financeiro do programa Leader 2007-2013. 2.- Elaborar criterios obxectivos para o establecemento de novos cadros financeiros dos diferentes GDRs que teñan en conta as condicións socioeconómicas e demográficas do territorio, así como os proxectos impulsados e a demanda existente en cada grupo. E que en todo caso se garanta o funcionamento dos grupos, asignándolles recursos suficientes para afrontar os seus gastos de funcionamento durante os exercicios 2014 e 2015.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que este é un tema complexo, pero tamén unha parte de decisión política que non se pode obviar. O que se intentou nun principio, que podía ser café para todos, ao final o que pasou é que na Galicia interior, en concreto en Ourense, temos un café cortado e outros teñen un café extra largo. A realidade é que a discriminación positiva que tiña que existir con este tema viña fundamentada en algo que para o Grupo Socialista é esencial. Se por desgraza Galicia é prioritaria nos fondos europeos é pola súa renda per capita, que é debida, precisamente, a que as provincias do interior fan que esa renda per capita sexa tan baixa. Pero á hora de repartir os que menos reciben son os que achegan esa desgraza. Na reunión que houbo ultimamente nin os propios alcaldes chegaron a ningunha conclusión, porque ninguén foi capaz de explicarlles nada, así que non quedan claros os criterios. Todos deberían facer unha reflexión e aqueles concellos ou entidades que intentan impulsar estes proxectos (que tamén dependen do financiamento privado) teñen que ser realistas porque con esta situación ese financiamento é complicado. Pensa que as mocións ou os xestos que se fagan desde aquí teñen que servir para dicirle ao goberno galego que isto non pode ocorrer. Nas reunións que se teñen por parte de todos os que participan nisto, hai que deixar claro cales son os mínimos criterios que hai que ter para alcanzar os obxectivos. É verdade que hai GDRs que conseguen un 99% das súas actuacións e outros que non conseguen máis que o 60%, pero non é por culpa dunha mala xestión. Hai que ter claros eses criterios para non beneficiar só a algúns. Cre que o criterio político tamén debe ser fundamental, pero hai que dicirle ao goberno galego que esta cuestión política non pode volver ocorrer, porque para o presidente Feijóo (que presume de ourensán) a discriminación positiva coa provincia de Ourense non existe. Incide en que ese reparto de fondos debería beneficiarnos e non prexudicarnos como sempre. Anuncia o apoio á moción porque cren que a oportunidade política

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

é no momento no que se producen as situacións, para que se poidan ter en conta para os vindeiros anos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, está de acordo co Sr. Gómez Pérez en que este é un tema moi complexo, co que se fai bastante demagogia. El non vai colaborar niso pero o que queren deixar claro é que estamos a falar de enfoque Leader onde as decisións se toman de abaixo - arriba. A propia Comisión Europea esixe que sexa a poboación rural, representada nos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs) a responsable da toma de decisión dos programas da súa zona. Por este motivo se chaman enfoques de abaixo – arriba, porque a capacidade de decisión é distinta da que se aplica nas actuacións propias da administración (de arriba – abaixo), de aí que neste escenario resulte fundamental respectar en todo momento a proposta dos propios GDR. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), para realizar o reparto dos fondos Leader, pediulle proposta de criterios á Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, que reúne aos 31 GDRs de Galicia. A asociación, reunida na súa asemblea xeral do pasado 15 de maio de 2013, aprobou os criterios que posteriormente foron empregados no reparto, que figuran na acta desa xuntanza e que lle foron remitidos a AGADER. Estes criterios din textualmente: *Procurar un mínimo de 400.000 euros por grupo e ano, que permitan continuar dinamizando proxectos no ano 2014-2015. O resto dos fondos que se lles repartan aos grupos, en función dos importes totais dos ICE's (Informes de Control de Elixibilidade) enviados a AGADER, tendo en conta, ademais, os criterios de eficiencia e eficacia na xestión do programa reflectidos no convenio.* Na mesma proposta, a Asociación de GDR de Galicia incluso lle solicita tamén a AGADER que se articulen mecanismos para permitir a mobilidade de fondos entre grupos, liberando fondos que non se puideran certificar dalgún grupo para ser aproveitados por outro antes do remate do período. O criterio defendido polos grupos foi garantir a continuidade de todos eles para o período 2014-2015 (de aí a asignación mínima por grupo) e despois, o número e volume dos proxectos presentados. O criterio fundamental de reparto foi a desviación respecto da media galega do volume de axuda dos proxectos presentados en cada GDR en relación coa súa dotación inicial. Hai que lembrar que se reparte a bolsa xeral do Leader Galicia entre todos os grupos existentes e de acordo coa normativa europea. Esta normativa dispón que hai que distribuír entre o territorio galego no seu conxunto coa excepción dos núcleos urbanos das sete grandes provincias. Neste escenario non caben, polo tanto, análises de reparto provincial,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

sectorial, nin de ningún outro tipo. No reparto inicial de 2008, os grupos da provincia de Ourense partiron dun reparto igualitario dos fondos para o período 2007-2013, pero o volume de proxectos presentados está case un 20% por debaixo da media galega (seguro que polas razóns que apuntou o Sr. Gómez Pérez). Pola contra, existen grupos onde quedaron proxectos en espera de ser atendidos por ter unha maior eficacia no seu funcionamento e cubrir a súa asignación. Se tiveramos en conta os criterios de execución provincial, Ourense, lamentablemente, sairía perdendo con diferenza, xa que a súa porcentaxe de execución é a máis baixa de todas as provincias galegas. Dá os seguintes datos referidos á porcentaxe de execución na totalidade do período 2007-2013, é dicir, expedientes pagados ao 31.12.2013: A Coruña, case o 72%; Pontevedra, case o 61%; Lugo, 57%, Ourense, 54%. A media galega está no 61%. Ademais, convén salientar que Ourense é a provincia máis beneficiada se temos en conta o reparto por habitantes. As contías por habitante en cada provincia (unha vez eliminados os núcleos das grandes cidades) son as seguintes: A Coruña e Pontevedra no entorno dos 14,5 €/habitante; Lugo uns 42 €/habitante; Ourense 45 €/habitante. Ourense non só é a provincia que recibe máis fondos por habitante, senón que triplica a algunha delas e duplica a media galega (23,46 €/habitante). Por último, en canto ao volume de proxectos presentados, sobre a dotación inicial do programa (indicador principal), na provincia de Ourense danse os seguintes casos: o grupo Sil Bibeí Navea atópase case catro puntos desviado da media galega; o grupo O Vieiro Leboreiro (Terra de Celanova e Baixa Limia) atópase seis puntos desviado da media galega para o mesmo indicador; os grupos Avinza (Allariz, entre outros) e A Limia, executaron entre os anos 2010-2013 unha cantidade inferior aos 800 mil euros que se lles outorgaron agora para tan só dous anos. Polas razóns expostas (igual que algunhas que apuntou con bo criterio o Sr. Gómez Pérez) non procede que o Grupo Popular apoie os acordos propostos na moción do BNG.

D. Lepoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, preguntalle ao Sr. Álvarez Dobaño se ten algún proxecto no Vieiro Leboreiro (a el cónstalle que si) entón era mellor que hoxe lle deixara este papel, por exemplo, ao Sr. Marnotes. Quere aclarar que a Asemblea Xeral da Asociación de GDRs de Galicia, reunida o 15/05/2013, xa acordara, por unanimidade, unha proposta (proposta A) de reparto de fondos polo que non se entenden cales foron os motivos que levaron a AGADER a formular unha segunda proposta distinta á consensuada pola Asociación de GDRs de Galiza. Esta proposta formulaba basicamente a distribución de 800.000 € por GDR +

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

eficacia e eficiencia. Con data 18 de decembro 2013, formúlase a proposta B. É dicir 6 meses despois de terlle trasladado a Asociación de GDR a proposta inicial. Neses 6 meses houbo tempo mais que suficiente para traballar no consenso desexado. A proposta B foi unilateral de AGADER, sen que se lles facilitasen os datos aos GDR para analizar correctamente a proposta. O prazo dado (non chegou ás 48 horas) para adoptar un acordo sobre un tema de natureza tan relevante como é o reparto de fondos para o desenvolvemento económico dos nosos territorios, foi a todas luces insuficiente tendo en conta, ademais, que ese tipo de acordo debe ser adoptado de xeito expreso polos órganos de decisión dos distintos GDRs. Neste sentido cabe preguntarse: ¿Cantos grupos levaron a consulta e aprobación as propostas de reparto? dada a presa coa que se presentou a proposta B. A Asociación de GDRs de Galiza en ningún caso fai referencia á data 30/06/2013 para establecemento dos criterios de reparto, e non existe ningún motivo para tomar como referencia esa data, tendo en conta que AGADER conta cos datos actualizados en cada momento. Resultaba practicamente imposible adoptar o acordo que máis favorecera ao territorio cando as propostas non levan aparelladas as cantidades totais que lle corresponderían a cada GDR en función da proposta elixida, xa que os datos globais só son coñecidos por AGADER. A normativa vixente, que é de obrigado cumprimento para o desenvolvemento do Programa Leader Galicia 2007-2013, xa recollía os criterios de reparto tanto da reserva de eficacia como no caso de que se dotaran de fondos adicionais ao programa. Finalmente, a proposta aceptada por AGADER para o reparto de fondos non pode ser considerada como de consenso nin adoptada no seo da Asociación de GDR de Galicia, xa que non foron convocados nin consultados ao respecto os órganos de decisión desta. O argumento esgrimido pola Consellería do Medio Rural de que os fondos foron destinados aos GDRs que mellor xestión fixeron estes anos, non pode ser aceptado na medida en que non se fan públicos os datos para poder contrastar este argumento, polo que se ten que supoñer falso. A inmensa maioría dos GDR de Ourense (posiblemente todos) teñen proxectos en lista de espera para optar ao financiamento en 2014 e 2015. En canto á asignación de fondos, tanto as bases reguladoras anteriores como as novas publicadas o 27 de decembro de 2013 afirman que se terán en consideración as puntuacións iniciais da selección de programas do ano 2008: Superficie rural, despoboación, envellecemento, porcentaxe sen GAC (Grupos de acción costeira), puntuación de cada GDR na selección. Nas mesmas bases publicadas o 27 de decembro 2013 no punto IV, financiamento dos programas, no apartado 5º indícase que calquera asignación posterior de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

fondos terá en consideración, ademais das puntuacións empregadas na asignación inicial, criterios de eficacia e eficiencia entre os que cabería considerar: o tempo transcorrido entre a resolución da convocatoria de programa Leader Galicia, feita por AGADER, e a convocatoria de axudas do Programa Leader de cada GDR. Para este cómputo descontarase, nos casos que proceda, o tempo en que esa convocatoria foi interrompida por estar o proceso de contratación do equipo xestor do GDR en revisión por parte de AGADER. O número de proxectos do GDR con informe de control de elixibilidade verificado por AGADER (é dicir, aprobados por AGADER). A relación entre os informes de control de elixibilidade remitidos polos GDR e os verificados por AGADER. O nivel de compromiso de fondos. O nivel de execución de fondos. As incidencias de non elixibilidade. A posta en marcha de proxectos de cooperación. As incidencias na xestión do procedemento e na tramitación de expedientes. Os criterios que se adopten para a asignación posterior de fondos consensuaranse cos GDR, que serán aprobados por AGADER e serán obxecto de publicidade. En ningún caso se ten en conta, no reparto realizado por AGADER con data 30 de decembro, nin os criterios xerais, nin os específicos a que fai referencia a normativa obxecto de aplicación. Polo que ese reparto é a todas luces ilegal. Do mesmo xeito fálase de que os criterios se consensuarán cos GDR. Os criterios da proposta efectuada por AGADER non foron consensuados. Os únicos criterios consensuados adoptáronse o 15 de maio. A resolución non contempla os recursos que contra ela proceden, o prazo e ante qué órgano se poden efectuar, como debería ser preceptivo (artigo 89.3 Lei 30/1992 de procedemento administrativo común). Sería conveniente que AGADER fixese públicos os datos de todos os GDR para a aplicación da fórmula polinómica para a distribución de fondos. Na proposta de reserva de 2008 as provincias de Ourense e Lugo mantiñan un 22,13% e un 27,68 % respectivamente. No reparto actual pasan a ter 20,04 % e o 25,03 %, que reducido a cifras, se consideramos os fondos do Plan de Desenvolvemento Rural iniciado en 2007 co goberno de coalición, a provincia de Ourense perde para os anos 2014-2015 un total de 3.111.173,72 euros. Pero aínda considerando a reprogramación de 2013, feita polo Partido Popular, a provincia de Ourense pasa a perder 2.827.317,79 euros. Ademais, ese reparto beneficia ás provincias da Coruña e Pontevedra. En canto aos pagos realizados polo FOGA, o proxecto de 2013 vai ser de 120.924.296 (75% FEADER, 12,13% da Administración xeral do Estado, 12,87% da Xunta), e segundo os pagos publicados na súa web para o Leader, dá que se repartirá un total de 106.126.993 euros. É dicir, hai unha diferenza con respecto á

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

reprogramación de 2013 de 14.797.302 euros, e con respecto á de 2007, 47.771.000 euros e eses 14.797.302,24 euros perderanse.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, antes apuntou que este tema era complexo e cos datos que deron tanto o portavoz do Grupo Popular como o do BNG para el segue sendo complexo e non está capacitado para discernir se estas cuestións polinómicas están ben ou non. Do que se trata é de saber se, á parte das decisións técnicas que son complexas, as decisións políticas son as máis axeitadas. Isto é o que interesa e non tratar de confundir con cifras. Interesa saber se o reparto politicamente foi correcto ou non, incitando a que se muden os criterios en función de cómo vai resultar ese reparto. Sen ironía, di que tiñan que facer unha reflexión, porque o que acaba de explicar o portavoz do Grupo Popular nunca se lles explicou aos presidentes dos GDRs e saen das reunións peor que como entran. Algo fundamental e importante para que xurdan as dúbidas é que as fórmulas que se aplicaron para dar estes cartos non se fan públicas, seguramente porque a alguén, politicamente falando, non lle interesa que se fagan públicas. A discriminación positiva ten que estar por enriba das fórmulas polinómicas que se poidan aplicar. Hai proxectos que non se chegarán a executar, porque o financiamento e as condicións socio económicas da provincia son diferentes e isto ten que ver coas políticas que se fan desde a Xunta, que deberían mudar. En canto ao que dixo o portavoz do Grupo Popular de que os criterios son de abaixo arriba, di que o problema está en que os cartos se dan de arriba abaixo. Os presidentes (que ás veces nin sequera están vinculados coa política) din que os criterios non se corresponden con ningunha regra das que se está a falar e cren que o reparto é inxusto. Pensa que os problemas que teñen os grupos non se teñen que poñer en valor cos que teñen outros e moitas veces castígase a grupos que non teñen que ver cos que non cumpren os obxectivos. Por último di que hai unha pequena trampa que son os proxectos en reserva e aí é onde hai que mudar os criterios, para que non saian máis beneficiados uns grupos que outros. A provincia de Ourense sempre ten problemas de reparto e discriminación, que é sempre negativa, e non quere entrar en demagogia, pero é verdade que hai que mudar os criterios, que hai que darlle un impulso e é unha mágoa que o Grupo Popular non apoie esta moción, porque hai criterios que non quedan claros e sementan dúbidas, polo que se deberían cambiar.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non vai entrar no que deu por feito o Sr. Rodríguez Puga de que son datos falsos ou ilegalidades manifestas, porque

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

non lle corresponde entrar nese tipo de debates, aínda que si pode criticalos. En todo caso non podemos esquecer que estamos a falar de fondos para investir, non estamos a falar de promesas simplistas e propostas formalistas, e esquecemos os fondos que non se invisten polas razóns xa expostas ou por outras moitas. En canto aos acordos da Asociación de GDRs de Galicia, citouse unha xuntanza do pasado 30 de decembro, di que xa deu lectura aos tres acordos que adoptaron en maio, que se lle remitiron ao Sr. director xeral de AGADER. Non vai entrar en máis consideracións porque o tema ten os condicionantes que ten, de todos coñecidos, pero, partindo dos datos que xa expuxo na súa intervención anterior, di que se estivésemos no ano 2015 o período remataría con cartos perdidos polos grupos aos que se referiu, entre outros, que serían definitivamente e lamentablemente perdidos por toda Galicia, e, pola contra, con grupos con proxectos sen poder ser atendidos, algo que se tratou de evitar coa proposta da Asociación de Grupos que incluso, para o futuro, pediron o establecemento de mecanismos de traspaso de fondos entre eles, algo que apoia o Grupo Popular. Hai que dicir alto e claro que parte destas propostas veñen dadas porque existe unha limitación para os gastos de funcionamento dos GDR, principalmente nóminas do equipo técnico, do 20% do que realmente executen ao final do programa. Como algúns puideron gastar de máis ata o de agora, vense obrigados a reducir, en maior ou menor medida, os seus equipos técnicos para non superar ese 20%, cos problemas que isto xera. Compre lembrar que cada grupo tivo liberdade para fixar os gastos dentro duns límites establecidos. Con estas propostas parece que se está intentando conseguir pola vía política o que non conseguiron acadar coa xestión. Lamentan que estes grupos, que naceron no seu momento cunha gran politización que distorsionaba o enfoque natural do programa Leader, agora na súa fase final volvan intentar politizalos con obxectivos que nada teñen que ver co enfoque Leader. Pide que lembren en qué época naceron estes grupos e de que xeito. Anuncia que votarán en contra da moción.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que non pretenden detraer fondos dos GDR con cadros financeiros superiores ao mínimo, pero pensan que é de xustiza dotar de novos fondos ao programa para aumentar ata un mínimo de 1.000.000 € por GDR, só para gastos de estratexia. Co goberno do BNG contábase con 27.874.000 euros para o desenvolvemento rural no eixo Leader, máis que coa reprogramación feita polo PP en 2013. A maiores disto, cos datos de pagos realizados polo FOGA, a Consellería de Medio Rural mente, pois nin tan sequera se van executar os 120.924.000 euros que teñen previstos, senón que, como moito, chegarase a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

106.126.993 euros; é dicir, perderanse 14.797.302,74 euros. Por iso a súa proposta era de que, nestes momentos AGADER dispón de 14.797.302 euros para repartir entre os GDR que quedaron marxidados no reparto do 30 de decembro, senón estes fondos perderíanse, o que sería aínda moito máis grave. Para rematar pide que lle permitan unha maldade en canto á provincia de Ourense: hai alguén que é o adiantado da clase e leva case o dobre que o resto dos GDRs, polo que cre que os do *birrete* lla volveron facer, e o Grupo Popular está votando a favor deles.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e ao obter o voto favorable dos deputados presentes do Grupo Socialista (7), da deputada dona Victoria Morenza Doforno que votou por correo (1) e dos deputados do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A TARXETA SANITARIA ESPAÑOLA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Lama Fernández, para que expoña o contido da moción.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que esta moción ven a colación porque no pasado Nadal, concretamente o 26 de decembro, Papa Noel deixounos un regaliño máis, un deses regaliños aos que nos teñen acostumados os gobernos do Partido Popular, concretamente o goberno do Sr. Rajoy. O pasado 26 de decembro de 2013 publicouse no BOE a Lei 22/2013 de orzamentos xerais do Estado para 2014, e na que, grazas ás emendas propostas polo Partido Popular, establece que as persoas sen traballo, que teñan esgotada a prestación e os subsidios por desemprego, e que se ausenten do noso país máis de 90 días durante un ano, perderán o dereito á asistencia sanitaria en España. Todo aquel que reúna estas condicións será considerado non residente e, se regresa, xa non gozará do dereito á atención sanitaria, como tiña ata o de agora polo feito de ser español/a. Por outra banda, as modificacións non contemplan a duración que terá a perda deste dereito nin os requisitos necesarios para recuperalo. En concreto, coas emendas á Lei de orzamentos xerais do Estado para 2014, o PP acaba de modificar a Lei 16/2003, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, engadindo unha disposición final na que se sinala que *“tendrán la condición de asegurado quienes se encuentren en la siguiente situación: d) Haber agotado la prestación o el subsidio por desempleo u otras prestaciones de similar naturaleza, encontrarse en situación de*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

desempleo, no acreditar la condición de asegurado por cualquier otro título y residir en España». Así mesmo, noutro apartado reza: *“A efectos del mantenimiento del derecho de las prestaciones sanitarias en las que se exija la residencia en territorio español, se entenderá que el beneficiario de dichas prestaciones tiene su residencia habitual en España aún cuando haya tenido estancias en el extranjero siempre que éstas no superen los 90 días a lo largo de cada año natural”.* Mentres o modelo sanitario español é un exemplo para países como Estados Unidos, o PP quere agora basearse no modelo americano: o que teña cartos que pague un seguro privado e o que non os teña que faga uso da beneficencia, tendo que se declarar pobre de solemnidade. Unha exclusión que abarca cada vez a máis persoas e sectores da poboación. Dende o Grupo Socialista desta Deputación, queren salientar a situación que se pode crear cando o titular da tarxeta queda sen emprego, cunha familia ao seu cargo, e que nesa busca de traballo no estranxeiro queda sen Seguridade Social, el/ela e toda a súa familia, deixando de ser españois de pleno dereito. Estamos en condicións de afirmar que o que se pretende con estas medidas tomadas coa súa maioría esmagadora, é que medre un nicho de negocio dos seguros privados, deixando a sanidade de ser un dereito e pasando a ser un negocio. Desta afirmación forman parte numerosos profesionais do mundo da medicina e dos máis diversos colectivos. O goberno, nos datos que presentou dentro do informe á Unión Europea, sinalou que a exclusión xa abarcaba a 873.000 persoas. Logo de cumprirse un ano de la entrada en vigor do RD 16/2012, de que a sanidade española perderá o seu carácter universal e de que comezaran as exclusións, diferentes organizacións xa denunciaron as graves consecuencias da dita normativa. Médicos del Mundo sinalou que esta ONG pode acreditar a existencia dun mínimo de 1.192 casos de persoas que entre abril de 2012 e setembro de 2013 sufriron algún tipo de vulneración do dereito á saúde, motivada pola aplicación do Real decreto lei 16/2012. Podemos dicir que con estas novas modificacións o número de excluídos e os grupos aos que afecta esta exclusión non para de medrar. Empezaron sendo os inmigrantes sen papeis alá por agosto de 2012, agora son os españois desempregados e emigrantes os seguintes na fila para ser expulsados do sistema sanitario, especialmente os nosos mozos e mozas ben preparados, que por non atopar traballo teñen que emigrar a outros países. Máis de 2.000 ourensáns abandonaron a provincia con destino a lugares máis diversos en busca dun futuro mellor. Porque a sanidade debe ser universal e non de dous niveis: os que poden acceder a un seguro e os que deben vivir da caridade, e por todo o exposto o Grupo Socialista Provincial propón que se adopte o seguinte

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

acordo: 1º.- Esixirlle ao Goberno de España a revogación da emenda que modifica a Lei da Seguridade Social, para que todo español/a que saia do país, non perda o dereito a sanidade española, pública, universal e gratuíta. 2º.- Darlle traslado deste acordo ao Goberno de España.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que estamos diante dun novo paso no proceso de privatización e empobrecemento da sanidade pública. Primeiro deixaron a preto de 1 millón de inmigrantes sen tarxetas sanitarias, e por conseguinte sen poder acceder ao sistema público de saúde, xerando un problema non só de clara e evidente discriminación senón, segundo din distintos profesionais da medicina, un problema de saúde pública. Agora van un paso máis e retíranlle o dereito á asistencia sanitaria ás persoas sen traballo, que teñan esgotada a prestación e os subsidios por desemprego, e que se ausenten do noso país máis de 90 días durante un ano. Non abonda con expulsalos do país, senón que aínda por riba este goberno castígaos dobremente retirándolles un dereito universal como é a asistencia sanitaria. Estamos diante dunha actitude ruín do goberno do Estado, que ademais é discriminatoria. O goberno do Sr. Rajoy xa non só permanece impasíbel, senón que ataca de fronte a aqueles que buscan alternativas, persoas que na súa meirande parte son mozos e mozas obrigados a marchar polas elevadas taxas de desemprego e que á súa volta, se no teñen un contrato, deberán buscarse un seguro privado, como pasa no país americano: *bienvenido Mister Marshall*. Outro duro golpe, o enésimo, para aqueles que sofren as consecuencias das inexistentes políticas en materia de emprego xuvenil. Tres meses no estranxeiro non é tempo de abondo como para deixar sen tarxeta a miles de cidadáns e cidadás. É un período de tempo excesivamente curto que non merece a aplicación dunha medida tan drástica e prexudicial. Non hai que esquecer que o proceso da emigración non é algo novo, e moitos dos que hoxe están sentados aquí tiveron que marchar. En tres meses xa non é que se atope traballo, senón que hai que adaptarse ás novas condicións, ao idioma, ao lugar no que estás, porque en tres meses non te dá tempo, case, a saber que estás nun país novo. Estamos nun proceso de degradación da sanidade pública coa desculpa do aforro, unha vez máis, que nos conduce a unha sanidade que acaba sendo máis cara e de peor calidade. Xa manifestou ese famoso extesoureiro do Partido Popular que a campaña do Sr. Feijóo se pagou con diñeiro negro procedente de determinadas empresas, algunhas das cales están metidas no mundo da sanidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que como sempre teñen que retorcer as normas demagoxicamente para tratar de impresionar á sociedade e non buscar o que hai que buscar, porque cando o ano vai de pulgas hai que tratar de espantalas. En canto ao tema exposto pola Sra. Lama Fernández, di que todos os españois e residentes legais teñen garantido o acceso á asistencia sanitaria como asegurados mentres residen en España ou, se saíron, cando regresan. Nos desprazamentos para estancias temporais en países da Unión Europea (vacacións, Erasmus, estudos, intercambios, viaxes ...) os españois teñen cobertura sanitaria desde España a través da tarxeta sanitaria europea. Pensa que estarán todos de acordo en que os españois que traballan no estranxeiro teñen que ter a súa sanidade cuberta polos sistemas de saúde dos países nos que traballan. Con todo, cando volvan residir en España, desde o primeiro día teñen garantida a cobertura sanitaria no sistema nacional de saúde en España, non se exclúe a ninguén. Por outra banda, os estudantes en Europa, como os Erasmus (moi de moda ultimamente), teñen a asistencia sanitaria cuberta pola tarxeta sanitaria europea ou a mutualidade correspondente en caso de fillos de funcionarios, ademais doutros seguros escolares. Outro caso podería ser o dun mozo español que está seis meses traballando en Alemaña, é atendido en España coa tarxeta sanitaria europea emitida por Alemaña, e se volve residir en España recupera a tarxeta española. Estar na Unión Europea ten vantaxes: á protección sanitaria do país de residencia engádeselle a garantía de asistencia no país ao que te desprazas, ben en aplicación dos regulamentos ou ben en aplicación da directiva de dereitos dos pacientes en asistencia sanitaria transfronteiriza. Di que está a falar de aplicación de regulamentos europeos no ámbito da seguridade social, aprobados e publicados nos anos 2004 e 2009, que foron negociados polo Partido Socialista, e que regulan as esixencias que impoñen os países para a asistencia sanitaria nos desprazamentos e autorización de residencia, algo que convén non esquecer. A emenda incorporada á Lei de orzamentos xerais do Estado para 2014, establece que o acceso á cobertura sanitaria a cargo do Sistema Nacional de Saúde de España para parados de longa duración que perderon o dereito a prestacións, queda garantido mentres residen en España. A emenda pretende evitar abusos de persoas estranxeiras. Por exemplo, evita que, cando un estranxeiro comunitario que estea traballando en España, estea no paro e esgote a prestación, regrese a residir ao seu país ou a calquera outro da Unión Europea, siga cuberto pola sanidade española sen límite de tempo. Entende que concordarán con el en que non se poden permitir estas artimañas. En definitiva, o goberno fixo a sanidade máis universal que nunca,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

incorporando ademais a colectivos que ata agora quedaran excluídos, como algúns profesionais liberais. Desde o 1 de xaneiro de 2012, os parados de longa duración que esgotaran a súa prestación, teñen dereito á súa tarxeta sanitaria en igualdade de condicións que o resto de españois, dereito que foi consolidado, como para o resto dos españois, polo Real decreto lei 16/2012. Por todo o exposto non poden apoiar a moción da Sra. Lama Fernández, e pídelle a ela e ao Grupo Socialista, que recoñezan que a emenda o único que pretende é evitar, na medida do posible, os abusos de persoas estranxeiras, dos que lamentablemente todos temos datos e que nalgún momento se chegou a falar do turismo sanitario en España.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que non está para nada de acordo co que acaba de relatar. En primeiro lugar eles non retorcen as normas para impresionar ao público e en relación con que España lles dá tarxeta sanitaria aos residentes legais como asegurados, aí está a cuestión, pasamos de ser españois de plenos dereitos a ser españois asegurados ou que están sen asegurar. O Partido Popular xa empezou por expulsar do sistema aos inmigrantes ilegais alá polo ano 2012. Volven coa *retahíla torticeira* do abuso sanitario desa xente que se ven operar a España, e están convertendo a sanidade nunha farsa en nun negocio, porque se non houberse negocio non quixerían privatizar a sanidade. Pide permiso para ler un relato do que está a pasar, xa que non estamos a falar dos estranxeiros que residen en España e que se foron para os seus países e que lles teñamos que pagar a sanidade, senón que estamos a falar de moitos mozos (e outros xa non tan mozos) que iniciaron aquí un proxecto de vida que xa non teñen e tiveron que emigrar fóra do país, e que logo de 90 días nun país estranxeiro se atopan con que non teñen tarxeta sanitaria nin eles nin as súas familias. O relato é o seguinte: *no hemos vivido por encima de nuestras posibilidades, sino que estamos pagando por encima de nuestras posibilidades la ineficiencia y la corrupción de los políticos de este gobierno, me dice Ana con los ojos vidriosos. Un día más amanece nublado en Londres. Miro el cielo con impotencia. Empieza a chispear. Quizás esa llovizna es el reflejo de los miles de españoles que cada día se despiden de sus seres queridos para aterrizar en la intemperie de un país extranjero. Cuesta entender estas palabras si realmente no estás en su piel. Sin embargo, se perfectamente que mañana puedo ser yo el que esté en Londres o en otro país luchando por la más pura supervivencia. Como dice Antonio: en España ya no quieren a los jóvenes, soy ingeniero y estoy trabajando en un camión de la basura. Pero Antonio se siente afortunado, puesto que es conocedor de que las calles de Londres están invadidas de españoles que*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

deambulan de arriba para abaixo deixando sus currículum en cada negocio. Pero la llamada casi nunca llega y el dinero, que es poco y contado, se acaba, y con él todas sus esperanzas y, en muchos casos, también la de las familias que residen en España. Me doy cuenta de que la mayoría de los albergues se han convertido en casas de huéspedes para españoles e italianos. María, licenciada en Periodismo, me explica que algunos españoles trabajan gratis en los albergues a cambio de una cama y dos platos de comida. María, al igual que muchos españoles con títulos universitarios, trabaja ocho horas diarias limpiando las habitaciones y los baños del albergue que la hospeda. Pero como explica Sandra, licenciada en Magisterio, y que trabaja como guardarropa en una discoteca, no todos los españoles tienen la misma suerte. Desgraciadamente la mayoría de albergues ya no necesitan a más personal. En mi caso estoy pagando trescientos cincuenta euros al mes para compartir la misma cama con otra chica. Es una auténtica humillación. Pero la mayoría de españoles no podemos pagarnos un alojamiento en Londres porque es muy caro. No puedo ignorar esta situación sin revelarme, sin contar todo aquello que los políticos y los medios se callan o en el mejor de los casos maquillan. Quizá, mi mayor sorpresa, es la historia de David y Julia, una pareja española en Oxford que, bajo una continua manta de lluvia, trabajan como publicidad andante. Con un letrero colgado en el cuello y otro en la espalda, además de sostener una pancarta y caminando empapados por el centro de la ciudad, publicitando una cadena de restaurantes. Ahora puedo entender cómo se sentían los sudamericanos que viajaban a España en busca de nuevas oportunidades. Como hicimos nosotros con ellos, los europeos conocen nuestra necesidad y nuestra hambre. Por eso saben que nos pueden explotar sin escrúpulos ¿o es que acaso nosotros tuvimos escrúpulos con los sudamericanos o los asiáticos? Además, si nos revelamos hay detrás un centenar de españoles que están esperando nuestro puesto. Es entonces cuando inevitablemente me pregunto, si Fátima Báñez, ministra de Empleo, que definió la salida de miles de jóvenes de España como movilidad exterior y la ministra de Sanidad Ana Mato que permite estas medidas, tienen a alguno de sus hijos, o lo tendrán en el futuro, mendigando en un país extranjero. Porque no nos engañemos y digamos las cosas por su nombre: los políticos en España nos están llevando a la mendicidad (dille ao Sr. Álvarez Dobaño: sus políticos que llegaron en 2011 para arreglar este país). Además, quien quiere oír y entender, tiene que sentir y dudamos mucho de que esos políticos y los ministros estén en la piel de los que un día tuvieron que marchar. La indiferencia no va a parar nuestros pasos, y

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

los políticos, si no nos quieren escuchar, tendremos que hacer que nos escuchen. Como última pincelada di que o Consello de Europa, esta fin de semana advertiu que España está incumprindo a Carta de Dereitos Sociais que se asinou coa retirada da tarxeta sanitaria aos inmigrantes irregulares. Non fagamos o mesmo cos nosos fillos ou cos nosos netos. Pídelle ao grupo de goberno que revisen o que aproban e logo despois non lles fagan crer aos demais que é por culpa do turismo sanitario. Non cre que haxa moitos turistas que veñan aproveitarse da sanidade, porque, entre outras cousas, os turistas que nos visitan veñen coa cobertura dos seus países de orixe.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, dille ao portavoz do Grupo Popular que lle saíu a vea rancia do seu partido. Non vale ese discurso de cara á galería para dicirlles aos cidadáns do noso país que son o garante e a defensa daqueles que veñen de fóra quitarnos o que é noso. Lembra (casos hai moitos) que moitos deses dos que falou que empregan artimañas para utilizar a nosa sanidade (que é a mellor do mundo) foron traídos por empresas, gañando catro cadelas, para substituír aos traballadores do noso país. Segundo o portavoz do Grupo Popular emigrar é bo: cúrtete e aínda por riba gañas en dereitos, posto que a Unión Europea é boa. A UE é boa tamén para eses traballadores que veñen doutras partes ao noso país, non só para os que van de aquí para outro lado. En todo caso o discurso é o que é, e por moito que intenten tapar sáelles polos poros da súa pel, porque o levan na súa idiosincrasia. Esta emenda afecta non só aos que entran, senón que afecta aos que marchan e aos que marcharán, que serán moitos. Afecta tamén a outros puntos da sanidade que lle gusta desfacer ao Partido Popular para repartilos en anacos, dándolle beneficios a quen opinan que é mellor. O Instituto Nacional de Estatística dixo que no ano 2013 unhas de 600 mil persoas abandonaron o Estado Español. Delas, 12.854 eran galegos e galegas. Desas 5.680 marcharon ao estranxeiro e o resto a outras zonas do Estado, seguramente para facer transbordo e coller un avión para o estranxeiro en breves meses. Hai anos, cando te matriculabas na Universidade dábanche unha carpeta para meter os papeis, agora vai ser mellor que dean unha maleta de man para marchar no avión e, se cadra, uns cartiños para poder contratar un seguro ao volver. O Partido Popular está acabando co sistema de prestacións, e poden darlle as voltas que queiran, pero esa é a base do seu discurso, a base da súa política, a base da dereita. O aforro é a escusa para desfacer todo, pero chegará un momento no que esta sociedade pense coa cabeza e non faga caso do que din. Nun programa concreto da marabillosa televisión pública española sácase a cámara polo mundo e buscan españois no

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

estranxeiro para que nos conten as bondades do que lles está a suceder, e iso é comerlle o coco á xente.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, non sabe se leu ben a exposición de motivos da moción ou se se deu conta do que se propón, porque se falou de moitas cousas distintas, e el sempre é respectuoso co que se expón. Se hai que expoñer outras cousas teñen a posibilidade de traer máis mocións. Non vai mesturar as cousas e moito menos vai compartir a visión apocalíptica da oposición xa que el é máis positivo. Parece que a Sra. Lama ten morriña daquilo de café para todos, gastando o que temos e moitos máis e logo deixar ao país na situación na que o deixaron, e logo piden que se arranxe. Non sabe onde ve o Sr. Iglesias o seu discurso como rancio, pero pregúntalle á Sra. Lama se había abusos ou non. O que agora nega se falaba cando gobernaba o Partido Socialista: turismo sanitario. O café para todos levounos á situación que temos. O Partido Popular quere unha sanidade universal para todos e de calidade, e non é unha frase feita, é o que queren e o que defenden. Isto esixe control e non café para todos. Ao mellor é que ser de esquerdas é gobernar así, el non o ten tan claro, porque logo teñen que vir os da dereita rancia para arranxar a desfeita. O Partido Popular está en contra dos abusos e da picaresca. Sabe ben o que acordou o Consello de Europa, como tamén sabe moitas outras cousas e hai que cumprilas todas. Cando se falaba antes de AGADER parece ser que aí non hai que cumprir a normativa europea, agora si. En todo caso o acordo é matizable. Falouse de privatización e de empresas amigas, non sabe ben se se estaban a referir a Andalucía como exemplo da sanidade pública exquisita.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que poderían estar debatendo toda a mañá sobre moitas cousas de cuestión ideolóxica. O Grupo Socialista si cre na sanidade pública universal e de calidade, pero pública. O portavoz falou de sanidade universal e de calidade, pero non dixo que tiña que ser pública. Con respecto ao turismo sanitario, di que ese turismo o van ter que facer moitas mulleres se non logramos parar a Lei do aborto que o Sr. Gallardón quere meter pola porta de atrás, para exercer o que se lles nega dentro das propias fronteiras. En canto a cumprir acordos di que xa está demostrado que o Partido Popular non cumpre nin co seu programa electoral, porque as circunstancias os obrigaron a facer todo o contrario do que dicían e iso vano pagar nas urnas. A xente que queda sen cobertura sanitaria no estranxeiro, como relatou na carta sobre persoas que o están a pasar mal no estranxeiro, son españois e fillos dos que non os poden colocar ben, non como outros que os teñen ben colocados. Non quere facer

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

referencia a declaracións que algún alcalde fixo onte nos periódicos, dicindo que é normal que se coloquen aos do PP, porque teñen preto de 2.700 afiliados (concretamente o seu alcalde). Pero resulta que en Xinzo votárono tres mil e pico e pregúntase se os da diferenza non teñen dereito a que os coloquen. Vivimos en momentos moi difíciles e o Partido Popular está noutro mundo. Por todo o xa exposto, ponse de manifesto a negligencia do goberno de Rajoy e a insensibilidade para os máis débiles neste caso. Os que teñen que marchar fóra de España, despois de dous anos de desgoberno, entregados en reformas que non fan máis que esnaquizar un país en crise e que prometeron arranxar, arranxar si, pero sempre para os mesmos. O Partido Popular é o ladrón de luvas brancas, porque coa súa política rouban o presente e o futuro de moitas xeracións. Están esnaquizando todo o conseguido polos nosos pais e polos nosos avós. Podería relatar unha sarta de despropósitos, pero non o vai facer, porque, en definitiva, vivimos realidades distintas, paralelas pero distintas, e que nunca se van atopar. Son dous mundos completamente distintos, o limbo e a corte celestial de santos, romanos, cristiáns e pagáns que rodean ao Partido Popular e o dos que están cos pes na terra coa realidade, diariamente escoitando datos dos que teñen que marchar cunha man diante e outra detrás, como foron os nosos pais hai cincuenta anos. O que se pide na moción é de xustiza, que non se lle retire a tarxeta sanitaria á xente que por motivos laborais ou por ter esgotadas as prestacións de desemprego teñen que marchar a outro país, españois e españolas igual que nós. Non está a falar do turismo sanitario. En todo caso, a sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade é a que defende o Grupo Socialista. O Grupo Popular só defende a sanidade universal e de calidade, pero os tribunais veñen de paralizar o intento de privatización nunha comunidade onde goberna o Partido Popular.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, e ao obter o voto favorable dos deputados presentes do Grupo Socialista (7), da deputada dona Victoria Morenza Doforno que votou por correo (1) e dos deputados do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA DEPURAR RESPONSABILIDADES POLA NEFASTA XESTIÓN DOS FONDOS EUROPEOS NA DEPUTACIÓN.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez, para que defenda o contido da moción.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, lembra que no pasado pleno do mes de outubro xa llo advertiran ao Sr. presidente. Na política non se debe facer xustiza, porque iso lles corresponde aos xuíces, ao igual que desde os xulgados non se debe facer política. Deberíamos empezar a ter claro isto nesta institución. Ao Grupo Socialista non lle fai ningunha graza ter que ir aos xulgados cada pouco. É máis, non viñeron aquí para iso, viñeron a esta casa para facer oposición e combater á política do grupo de goberno, con argumentos ás veces errados e ás veces acertados. Isto sería o que tiña que haber aquí, debates políticos, e así sería se o Sr. presidente mudase a súa actitude de mirar para outro lado e asumir dunha vez por todas que eses vicios do pasado están causando un enorme prexuízo no presente. Un presente no que o Sr. presidente ten a priori unha vantaxe enorme que é non ter participado na xestión do pasado, nin nas prácticas que rexeron esta institución moitos anos, quizás demasiados. O Sr. presidente empéñase en non facer caso das advertencias do Grupo Socialista e é un escravo do pasado, por razóns obvias. O Sr. presidente non quere cambiar o paso á hora de gobernar esta institución, nin dotala de transparencia por moitos test que cubra, por moitos asesores que contrate ou por moitas empresas relevantes que fiche para captar fondos europeos (está por ver canto custan esas empresas e en que pequenas liortas andan metidas). Vólvenlle pedir, suxerir e incluso rogar, que lle poña freo a esta desagradable forma de facer política nesta casa, e que poña toda a documentación, sen trabas, a disposición da xustiza, para que se depuren responsabilidades, se existen, porque do contrario, estaríalle facendo un dano terrible e irrecuperable a esta institución e a esta provincia. Asegura que se o Sr. presidente actúa así, o Grupo Socialista sería consecuente co xesto e xeneroso coas exposicións xudiciais polo ben da institución e polo ben dos cidadáns. En caso contrario, terán que seguir coa súa responsabilidade ante os cidadáns, por moi ingrata que ás veces resulte. Pídelle ao Sr. presidente que sexa xeneroso, responsable e transparente, porque senón isto pinta moi mal. Isto non é unha ameaza, senón que sinxelamente a secuencia dos feitos e os avisos reiterados que teñen feito desde o Grupo Socialista ao longo do tempo, por desgraza para os cidadáns, teñen sido certos. A valentía e altura de miras do presidente tamén pasa por asumir responsabilidades políticas, e debería tomar medidas contundentes, aínda que non sexa máis cuns primeiros xestos para formular unha batalla con esta corrompida Deputación. Á marxe das decisións que tome a xustiza, con respecto ás posibles actuacións delituosas que se detallan no informe da OLAF, ten que asumir que a xestión dos fondos europeos nesta casa foi nefasta. Non se pode ollar para

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

outro lado cando se investiron miles de millóns das antigas pesetas e os resultados son exemplos como os seguintes. Proxecto Estacións: estacións pechadas, actuacións sen realizar, seguramente (e non os tachen despois de catastrofistas) descertificacións novas que se terán que abordar, neste proxecto son as estacións con menos traxecto e recorrido da historia. Proxecto PDC: a utilidade dos hipódromos, cabalos e demais xa o presidente os puxo en valor á hora de malvender todo o relacionado con estas actividades (só un exemplo da nefasta xestión neste proxecto é que lles mandaron devolver cartos dos cabalos porque non se podían entender como bens inventariables, con ironía di que e é verdade que iso é discutible, porque os sementais semellan ser o máis produtivo destes proxectos). Outro fracaso é a famosa Wimax, para dotar de Internet ao medio rural, porque ía destinado a miles de usuarios e as últimas noticias din (xa hai uns meses) que hai 900 usuarios e non será porque non se lle advertiu en reiteradas ocasións. O portavoz que fala xa lles advertira ao anterior presidente e ás persoas que ían xestionar ese proxecto, que ía ser un fracaso tal e como ía encamiñado. Aínda se está tempo de arranxar isto, porque, á parte de que custou uns seis millóns de euros, teñen sospeitas de que a empresa adxudicataria non acometeu todos os compromisos de execución. Dos proxectos Daredo e Deputrans non van dicir máis do que se ten dito. Neste plenario o Sr. presidente asegurou que funcionaban todas as depuradoras menos unha ou dúas, e ou ben o informaron mal ou entendeu mal, porque o certo é que non funciona ningunha excepto, ao mellor, unha. Piden devolucións millonarias, supostos delitos graves coa adxudicación, e o peor, a sensación na rúa de que isto cheira moi mal. Falando de depuradoras, estes feitos teñen que depurarse na vida política e na sede política, por iso o Sr. presidente podería dar un primeiro paso (aínda que insuficiente) aprobando esta moción. Sabe ben que a dimisión dun deputado é voluntaria, pero se o Grupo Popular aproba esta moción, o lóxico sería que os daquela responsables políticos dimitisen (fala do expresidente do INORDE). Este sería un primeiro paso de honradez política por parte do Sr. presidente. O que non podería dubidar o presidente nin un segundo é en cesar ao xerente do INORDE, porque, á marxe da súa disolución como ferramenta inservible, despois de contratar a unha empresa externa (que xa se verá o que custa) non queda outra se non se confía nas persoas que se teñen (con bos salarios), porque estaríamos duplicando xestións. O Sr. presidente hoxe ten a oportunidade de demostrar que non está de acordo cunha xestión nefasta no pasado, porque se quere unha xestión presente e futura mellor debería aprobar a moción.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Acusouse ao Grupo Socialista de irresponsable pero o único que está sendo irresponsable con este tema é o Grupo Popular.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, empezando por onde remata a proposta do grupo provincial do Partido Socialista, di que o BNG xa pediu en distintas ocasións a dimisión do deputado e expresidente do INORDE, e van un paso máis aló: piden que se disolva o organismo, co que xa soluciona, de paso, o primeiro dos puntos. Entrando xa na materia que compete, o grupo provincial do BNG entende, e así o ten manifestado en diversas ocasións, que a xestión negligente (xa veremos si delituosa) dos distintos proxectos cofinanciados por Europa, denunciados pola OLAF e corroborados polo ministerio de Facenda debería ter repercusións no ámbito político (no xudicial son os xuíces os que determinarán tal feito), en forma de ceses, dado que dimisións non parece que vaian producirse. Isto non é un erro na tramitación dunha documentación, estamos a falar de diñeiro público, diñeiro que a Deputación xestionou, de forma directa ou a través do INORDE, na nada desprezable cantidade de máis 60 millóns de euros desde o ano 2000. E como adoita acontecer cos organismos que dan diñeiro, Europa non se limitou a ser a *pagana* dos distintos investimentos impulsados pola Deputación nos últimos lustros, senón que ademais fixo o que é exixíbel a calquera administración pública, un control rigoroso sobre o destino dos fondos achegados, evidenciando, logo desta fiscalización, a comisión de diversas irregularidades na xestión, que nuns casos son irregularidades administrativas pero que nalgún caso, e segundo afirma a OLAF no seu informe, e dalgún xeito ven de corroborar o Xulgado n.º 2 de Ourense, puideran ser constitutivos de delito. Foron varios os proxectos impulsados pola Deputación con cargo a estes fondos: colocación de plantas depuradoras para núcleos rurais, construción dun hipódromo, a rehabilitación para usos turísticos de seis estacións de tren, a extensión da banda larga na provincia, a execución de centrais de biomasa ou plantas de tratamento de residuos, proxectos de eficiencia enerxética, por citar algúns. Non van entrar, dado que non é o obxecto desta moción, no resultado de tales proxectos, que daría, e probablemente sexa unha cuestión a abordar nun pleno monográfico para o efecto. Pero a UE non se limitou a detectar e comprobar a existencia de irregularidades, senón que reclamou a descertificación de 10,1 millóns correspondentes ás achegas realizadas para a instalación de plantas de depuración e de 1,3 millóns por irregularidades noutros cinco proxectos (xa veremos o que acontece co proxecto estacións). Un informe do *Ministerio de*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Hacienda do ano 2006 xa alertaba de diversas irregularidades e da comisión de múltiples anomalías, na contratación dos distintos proxectos, imputando gastos que non eran imputábeis, que evidencian que os responsables políticos da Institución sabían perfectamente o que estaban a facer. Como é posible, pois, que á vista dos acontecementos, ninguén teña a decencia política de dimitir, e de paso devolver o diñeiro do seu peto. O Sr. presidente ten que exercer como tal e exixir a asunción de responsabilidades, pois de non facelo convértese, de facto, en cómplice de tales feitos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, refírese á intervención do punto anterior e dille á Sra. Lama que de apoio electoral ou dos resultados das urnas xa falarán os cidadáns. Dálle a impresión de que a oposición está nerviosa (incluída a Sra. Vázquez Blanco, non é para menos) e pídelles que deixen de falar da familia, dos fillos ..., non estamos aquí para iso, nin para sorrisos irónicos. En todo caso, os deputados do grupo de goberno non son nin bichos nin ladróns de nada, son grupo de goberno porque así o quixeron os cidadáns. Adianta que, unha vez máis, o Grupo Popular está totalmente en contra das propostas do Grupo Socialista, tanto de esixir a dimisión como deputado provincial do expresidente do INORDE como de propoñer a destitución do xerente do referido instituto. É evidente que chove sobre mollado, pero por respecto aos nosos concidadáns e no ánimo de dar información veraz duns expedientes especialmente complexos, dá uns datos referidos aos proxectos xestionados, total ou parcialmente, polo INORDE no período 2002-2013: en canto ao patrocinio nos proxectos Vía Nova e Sons e Acordes, di que estes patrocinios estaban dentro dos soportes de promoción e divulgación do proxecto, ao igual que a prensa, televisión, etcétera. O xerente do INORDE e un alto responsable do *Ministerio de Hacienda*, reuníronse alá por abril do ano 2004, e na dita reunión o xerente presentoulle os distintos proxectos, a campaña de promoción e divulgación, cos soportes de automobilismo, vela, etcétera. Nesta reunión infórmaselle ao Sr. xerente que os gastos son elixibles, pedíndolle que se enviara por escrito a información. Este escrito remítese en xuño de 2004, acompañado do formulario de candidatura do proxecto Vía Nova, coas súas modificacións. Aclara que non se acompaña formulario de candidatura de Sons e Acordes porque non facía falta formular ningunha modificación. En canto ao barco do que tanto se fala, lembra que viña patrocinando desde o Padroado Provincial de Turismo e chegouse a un acordo co socio do proxecto, Valimar, e promocionouse no barco cunha publicidade mixta “Ourense/Valimar”. Curiosamente e malia ao acordo entre socios, este gasto foi elixible en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Portugal e en España non se admitiu, a pesar de estar xa autorizado o gasto. Pregunta se entenden algo, porque el non. En canto aos coches (os rallyes), e como xa dixo anteriormente, mantívose a reunión e posteriormente envióuselle o escrito co formulario de candidatura do proxecto. O Sr. Ledesma, responsable importante do *Ministerio de Hacienda*, que nos autorizou (a todos, porque a Deputación é de todos) todo este programa de promoción e divulgación, cesou como coordinador do programa transfronterizo Interreg IIIA, incorporándose ao programa Interreg IVC. Vállame Deus; como dirían no seu pobo. O novo equipo non cuestionou a acción de promoción xa autorizada polo anterior xestor, pero considerou como non elixible o territorio da súa realización, a pesar de que no formulario de candidatura na descrición das medidas de publicidade previstas, fala de promoción a nivel nacional. Dille á oposición que pode ter acceso a toda a documentación (cónstalle que non a miran moito) e poden comprobar o que está a dicir. En canto á subvención do proxecto Sons e Acordes, di que se trata do 46 Certame de Acordeón, que se celebrou os días 25, 26 e 27 de xuño en Celanova, como se viña facendo cada ano, e encaixaba dentro das accións do proxecto. Os gastos de axudas de custo non son do persoal do INORDE (abonda con examinar a documentación) senón que son dos membros da empresa que realizaba esta acción (Asociación Galega do Acordeón), que foron os beneficiarios. Como se pode observar claramente na xustificación da subvención, en ningún momento se incluíron axudas de custo do persoal do INORDE. Polo que se refire ao proxecto Proforest, di que as obras foron contratadas e xestionadas polos concellos incluídos no proxecto. O INORDE subscribiu un convenio con cada un dos concellos que estaban dentro da actuación do proxecto, aos que se lles adjudicou o mesmo orzamento, sen excepcións. De acordo con este convenio, cada concello comprometeuse a contratar e xestionar as obras obxecto do citado convenio. Cada concello seleccionou á empresa ou empresas para cada unha das actividades realizadas. O INORDE o único que fixo foi pagar as facturas. É dicir, delegouse a xestión da contratación pero a facturación se lle xirou ao INORDE. En resumo, foron trece concellos beneficiarios (11 na Comarca da Limia máis Cualedro e Xunqueira de Ambía) e realizáronse máis de trescentos quilómetros de pistas e áreas de devasas. En todo caso, e con respecto para todas as interpretacións, o grupo de goberno considera que non se pode falar de fraccionamento do obxecto dos contratos, porque se trata de obxectos diferentes, adjudicados a empresas diferentes, dado que pola súa natureza e localización son obras totalmente independentes. Está claro que os traballos para realizar son diferentes, non se integran nun

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

único proxecto e non teñen por obxecto a mesma realidade física. En conclusión, polos motivos expostos, considerouse no seu momento que non se produciu ningunha infracción do artigo 68.2 do Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas. Sinxelamente eran contratos distintos e en ningún caso fraccionamento maliciosos dun contrato único. En canto aos gastos de persoal, obrigaron ao INORDE a descertificar (que non devolver) a imputación do persoal do Instituto do Campo de Xinzo. Unha curiosidade é que a imputación do persoal do Instituto do Campo non se considerou elixible porque no informe de verificación se dixo que este era un organismo dependente da Xunta de Galicia. A realidade é que non é así, resulta obvio, o Instituto do Campo, malia que a súa denominación pode inducir a confusión, non é un organismo, xa que carece de personalidade xurídica propia, senón que é unha unidade administrativa especializada integrada no INORDE (creado en Comisión Executiva do INORDE do 11 de xullo de 1997) e os seus medios persoais, materiais e financeiros son de titularidade do INORDE, carecendo incluso de órganos específicos e de xestión e nada ten que ver coa Xunta de Galicia. En canto ao programa Ilumina Lima, convén aclarar que se admitiu a descertificación realizada porque, baseándose na eficiencia enerxética, houbo un erro na contratación para a adquisición das lámpadas de iluminación ou luminarias. En todo caso, a realidade é que se instalaron 2.733 luminarias nos diferentes concellos, o que supuxo un aforro enerxético en torno ao 30%. En resumo, 22 concellos beneficiarios, 2.733 luminarias instaladas e o criterio seguido foi a pedimento dos concellos segundo as súas necesidades e o aforro enerxético en torno ao 30%. En consecuencia, o total dos proxectos europeos xestionados polo INORDE no período 2002-2013, ascendeu a 16.636.000 euros, o total descertificado por unhas razóns ou outras, todas moi discutibles, anda polo 9%. Invita á oposición a que comprobe a execución destes proxectos noutras zonas do Estado español e vexan cal é a porcentaxe de descertificación media. En todo caso, invita aos portavoces da oposición a que examinen os expedientes con máis sosego, con máis ánimo positivo e, sobre todo, con máis ánimo de defensa dos intereses da provincia, porque dá a impresión de que están esperando a que se teña que descertificar ou, se é o caso, devolver importantes cantidades de diñeiro, porque ese é un instrumento político importante á hora dos apoios electorais. Logo falará dos proxectos Daredo e Deputrán, e en canto ao PEDECE (hipódromo), que ascendía a un total de 1.782.000 euros e a subvención do FEDER ascendía a 1.337.000 e descertificáronse tan só (aínda que é unha cantidade importante) 243.000 euros, dos cales 179.000 corresponden a falta total de pista de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

auditoría, xa que ao facer as obras por administración e usar os contratos xerais de subministración da Deputación, consideraron que non existía ningunha vinculación entre os contratos e as facturas co proxecto, o que se considera unha irregularidade e supón unha descertificación do 100%. E unha cantidade de 64.560 euros, correspondentes ao 10% (en aplicación do que se coñece como COCOOF) referidos á segunda fase da obra por unha infracción do que consideran igualdade de trato. Con isto quixo aclarar algunhas cousas que motivaron a descertificación á que se refire a oposición e entra dentro da normalidade, aínda que non sexa o desexable. Estamos a falar do 9% e de erros (incluso de interpretación) que en ningún caso se poden considerar maliciosos ni co fondo que a oposición lle quere dar a entender á opinión pública.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, quere deixar claro que a Sra. Vázquez non está para nada nerviosa e está co Grupo Socialista porque é unha socialista exemplar e estará no grupo, polo menos, ata que el deixe de ser portavoz ou ata que ela queira. Sendo ela unha socialista exemplar, ao mellor os que non deberían estar aquí son o Sr. alcalde de Xinzo (o do novenario cos xuízos), o señor do INORDE e algún outro que está sentado e que estivo suspendido por outras causas diferentes ás cuestións partidistas. Fílle graza unha cuestión que é que se o grupo de goberno sabía o que estaba a facer, malo, e se non o sabían, peor, porque a responsabilidade pasa polas dúas bandas. Trátase disto, e non envolver a todos con datos. Na súa intervención anterior (cre que bastante comedida) referiuse ao Sr. presidente, pedíndolle e rogándolle que tome responsabilidades políticas, e se non o fai el saberá por qué. Pregúntase se será o Partido Socialista o que coñece aos inspectores da OLAF ou ás persoas que investigan este tipo de proxectos ou, de súpeto, domina completamente o Parlamento Europeo. O Sr. Montoro foi o que dixo en sede parlamentaria que había que poñer todas estas cuestións a disposición da xustiza (igual este señor é do Partido Socialista). En canto a que a Deputación somos todos, iso é evidente, pero o Grupo Popular só di isto cando se trata de devolver cartos ou cando hai problemas, pero cando se trata de repartilos e beneficiarse os únicos beneficiarios son os do Partido Popular. Non se pode pedir que se repartan as culpas porque, se as hai, son do Grupo Popular, por ser uns irresponsables. Os gastos de Son e Acordes son axudas de custo por Europa, pero o certame tivo lugar en Celanova, así como os rallyes, coches, barcos (algo do que avisaron que era unha auténtica aberración), porque o Grupo Socialista le os papeis e le o que o Grupo Popular non conta. Os papeis tamén poñen que había obras que había que facer por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

administración e o grupo de goberno fíxoas por vía privada, e xa explicarán por qué. Quen le, e bastante ben por certo, son os inspectores, incluso saben como se utilizan certos líquidos ou certos produtos para borrar certas cousas. Cando todos lle din a alguén que está confundido a culpa non será de todo o mundo, será do que as fixo. Pídelle responsabilidade ao grupo de goberno, porque non a está tendo, e incluso, por outras cousas que oíu, ata meten en marróns aos propios funcionarios, intentando que xustifiquen irregularidades como as que sinala a Unión Europea, e iso é irresponsable, por non dicir outra cousa. En canto aos datos que deu do proxecto Proforest, de diferentes concellos (o portavoz popular dixo que non había obxecto para dicir que se dividiran os proxectos) di que os piñeiros nuns concellos son distintos dos outros, pero non se trata diso. Trátase do por qué *trocean* os proxectos para que vaian cunhas cantidades, que é o que di a Unión Europea. Non se pode confundir descertificar, con ingresar ou devolver. O Grupo Socialista non se alegra disto, como xa ten dito en multitude de ocasións, porque é o peor que pode pasar, pero, de ocorrer, é responsabilidade do Grupo Popular e non do Grupo Socialista. Falou de cantidades como a de 243.000 euros dun proxecto, fala de nove por cento no período 2002-2013, pero ese nove por cento é unha importante cantidade de diñeiro. E o problema non é só devolver cartos, e que estamos a falar de irregularidades e de supostos delitos, porque se fala de vulneración á hora de adxudicar. A responsabilidade pasa polo grupo de goberno, que foi o que acadou estes proxectos e tamén son os que fixeron as cuestións que detalla a OLAF. Pregúntase qué produtividade tiveron todos eses proxectos para a cidadanía (pensa que ningún) ademais agora ata se malvenden. Estamos a falar de 60 millóns de euros (10.000 millóns das antigas pesetas) e de que eses proxectos foron impulsados sen ningún tipo de criterio, e estamos a falar de que algunha responsabilidade terá o Partido Popular de que esta provincia estea nas condicións económicas que está, que estea na boca de todo o mundo e de que estea na fiscalía. O portavoz do PP recomendáballes que lesen as cousas con máis sosego, pero a quen llo ten que recomendar é aos xuíces, porque ao volvelas ler con sosego volveron abrir as causas. O Grupo Socialista quere que se tomen responsabilidades políticas, pero non se toman, entón terán que acudir outra vez a levar a documentación que (segundo di o portavoz) non len e non son capaces de interpretar, para que as interpreten os xuíces. Incide en que o Sr. presidente é o máximo responsable e é o que debe tomar cartas neste asunto e mudar a forma de facer política. Esta institución está corrompida e non pode seguir así, de feito estamos a saír nos medios de comunicación todos os días por este tipo de cuestións e iso non pode volver ocorrer.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Pensa que vai seguir ocorrendo durante moito tempo, porque non se toman as decisións políticas necesarias para depurar responsabilidades.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que o Sr. Álvarez Dobaño ás veces di verdades como puños: a Deputación, para o malo, é da provincia de Ourense. Para o malo, algo que non lles alegra para nada, que sería ter que devolver un montante moi considerable de diñeiro. Pero para o bo (o *pasteleo*) é do Partido Popular. En todo caso, o grupo de goberno, con este tipo de prácticas, está pondo en risco, xa non só a existencia da propia Institución (absolutamente prescindíbel, por outra parte), que queda nunha situación de precariedade económica maior da que xa padece, senón, o que é peor, aos distintos concellos da provincia e aos seus cidadáns e cidadás, que é por quen deberían estar aquí (polo menos iso pensaba el cando chegou aquí), pero polo visto estamos para outras cousas (o Leader non interesa, cousas mal xestionadas polo que traen empresas para que as xestionen). Xa tiveron que devolver 1,3 millóns de euros de distintos proxectos e aínda pesa, como unha espada de Damocles, a posibilidade de ter que devolver 10,1 millóns de euros dos proxectos Daredo e Deputrán, tanto como o consignado nos orzamentos da Deputación para o ano en curso. Repite e repetirá todas as veces que faga falta (xa que o Grupo Popular repite unha e outra vez o contrario) que ao BNG non lle alegra para nada que haxa que devolver eses cartos, porque, se iso é así, tamén lles vai saír dos seus petos. Pregunta de novo cómo é que á vista destes acontecementos ninguén teña a decencia política de dimitir, para quedar ben polo menos. Algo de exemplo deu (non do que fixo) o catalán que dimitiu, e iso é o que había que facer aquí e empezar a sanear isto.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, sen acritude, di que ás veces a oposición ten unha certa manía de ser previsibles con el, e ás veces acertan pero outras non. Non falou para nada do que dixo o Sr. Gómez Pérez. Desde hai moitos anos ten por norma apartar a misión que ten aquí das cousas persoais, familiares e profesionais, se o entenderon doutro xeito lamentao, porque non era esa a súa intención. En canto ao punto a tratar, preguntalle ao Sr. Rodríguez Puga onde estaban durante tanto anos se o Grupo Popular fai as cousas tan mal, porque o grupo de goberno ten responsabilidades pero os grupos da oposición tamén, agás que veñan quentar a cadeira. Di isto porque durante a execución dos proxectos non dixeron nin esta boca é miña. Reitera que descertificar non é devolver. En canto a repartir culpas di que só lles dixo que tivesen ánimo positivo na defensa dos intereses da provincia. O grupo de goberno non escapa das súas responsabilidades. Tocoulles xestionar estes fondos e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

agora os cidadáns, igual que a oposición, son os que teñen que valorar. Entenden que o fixeron da mellor maneira posible, con defectos evidentes que recoñecen. En canto a que os inspectores son os que len ben di que xa puxo dous exemplos, aínda que podería poñer máis. Pide respecto porque todos nos equivocamos, ás veces máis do que se quere. Repite os exemplos: o Instituto do Campo que dixeron que era da Xunta de Galicia, e o tema do barco que en Portugal si foi elixible e en España non. Di, en nome do seu grupo porque así o teñen claro todos, que todas as descertificacións que lle recomendou o *Ministerio de Hacienda* ao INORDE, fixéronse en setembro de 2007 e xullo de 2008, dando por concluído o proceso, polo que non procede poñelas no presente, que é o que interesa desde o punto de vista político e non desde outro. Por certo, seguiron confiando no INORDE e nesta Deputación para outros proxectos da Unión Europea, aprobando varios no período 2007-2013 que se están a xestionar e que rematan o 30 de xuño deste ano. En canto a que houbo ocultación de datos (así o manifestan na moción) non é real. O INORDE celebra periodicamente consellos reitores e comités executivos onde se lles entrega toda a documentación aos seus membros, incluídas as contas que despois referenda a Deputación Provincial. Tanto o PSOE como o BNG sempre tiveron representantes nos ditos concellos reitores e non consta nas actas ningunha pregunta ao respecto, maila ter toda a información. No INORDE nunca se puxeron obstáculos para ver a documentación, sempre se puxo a disposición da oposición. Cónstalle que o Grupo Socialista revisou toda a documentación que solicitou en cada momento con total liberdade, e se non foi así tampouco o denunciou; nunca se taxou o tempo e déronse as explicacións que pediron en cada momento. En canto a pedir dimisións, unha vez máis consideran que non hai fundamento para isto, polo que votan en contra da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que, en canto á pregunta de onde estaban cando se producen estas cuestións, el estaba no Instituto Tomás de Lemos, pero pode asegurar que polo menos durante dúas ou tres lexislaturas o tema das depuradoras foi unha constante crítica e unha constante denuncia do Partido Socialista nesta Deputación, polo que si estaban denunciando o mesmo que agora lles vai traer problemas a algún que xa non están nesta casa e algúns que aínda seguen na vida política. En canto a que no INORDE se lles deixaba ver toda a documentación di que foi de mala gana e con trampiñas e en relación coas explicacións di que dalas non significa que sexan verdade. O expresidente do INORDE dixo que as estacións estaban rematadas practicamente e que ían rematar naquel ano e só hai que ir velas para ver se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

están rematadas ou non. Está de acordo con que lle deron explicacións no INORDE, pero enganáronos con certas cuestións relacionadas coa subministración eléctrica das estacións, cos convenios con ADIF e demais, porque despois, falando con algún alcalde, se lles dixo que non estaba para nada enfocado co que se dixera. El é unha persoa responsable, e o problema non é que os enganaran a eles que son un instrumento político para fiscalizar ao grupo de goberno, o problema é cando enganan ás xentes que veñen da Unión Europea. Todo isto non son simples erros, son erros de dez millóns por un lado e 1,3 millóns por outro, que se saiba, cantidade similar aos fondos europeos que veñen para esta provincia para o ano 2017. Se hai que devolver ese diñeiro o van ter que devolver todos, porque é diñeiro de todos, e non poden pretender que a oposición quede calada ante todo isto. No INORDE sempre votaron en contra e aquí non van estar calados, pero non van vir insultar a ninguén nin faltarlle a ninguén. Teñen a responsabilidade de levar este asunto onde o teñen que levar e despois a xustiza que diga o crea conveniente. Insiste en que había que tomar as decisións políticas que non se toman, para depurar responsabilidades, polo que van seguir tendo que aturar, lles guste ou non, que o Partido Socialista siga denunciando estas situacións no ámbito político e, se o grupo de goberno no fai o seu traballo, no ámbito xudicial. Canda fala de insultar refírese a declaracións que fai algún portavoz do Partido Popular doutras institucións que lle recomenda a algún compañeiro que vaia ao psiquiatra. Pensa que ao psiquiatra van ter que ir eles mentres o grupo de goberno siga facéndolles crer que son parvos ou cousas peores. Con todo isto os beneficios foron para uns poucos e os prexuízos son para toda a provincia. Reitera o pedimento de dimisión dalgún ou que o Sr. presidente tome responsabilidades coas persoas que xestionaron mal algunhas cuestións.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que queda coa invocación do Sr. Gómez para non insultar e non descualificar. En canto ao número de depuradoras, segundo lle informan, existen instaladas pola Deputación 106 en toda a provincia e que están todas operativas agás dúas, unha en Calvos de Randín e outra en Maceda (Foncuberta). Aquí se dixo que eran escravos e cre que aquí non hai ningún escravo de nada e preocúpalle que se lancen acusacións como a de que a Deputación está corrompida ou as sospeitas de malvender. O grupo de goberno está para defender o interese xeral da Deputación para o mesmo que está a oposición, polo que os invita a facer o mesmo. Cando se recoñezan feitos ou se emitan resolucións xudiciais haberá que acatalas. O portavoz popular xa apuntou que existe unha descertificación en torno ao 9%.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Descertificación non implica que houbo unha devolución por parte da Deputación, senón que non foron ingresadas ou transferidas esas cantidades por parte dos organismos xestores destas axudas, e dos datos que dispón ten constancia de que a última foi de decembro de 2009. En canto a que o voceiro do BNG di que a Deputación é absolutamente prescindible di que é unha opinión que hai que respectar, outras persoas e outros sectores falan de prescindibilidade doutras cousas e doutras organizacións. Con respecto a indicarlle á xente que dimita ou non di que preto de aquí hai acordos de determinadas corporacións que si van na dirección de que dimitan determinados responsables e tampouco teñen acadado o éxito que se pretendía.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, e ao obter o voto favorable dos deputados presentes do Grupo Socialista (7), da deputada dona Victoria Morenza Doforno que votou por correo (1) e dos deputados do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

7º.- CONCLUSIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL SOBRE OS PROXECTOS DAREDO E DEPUTRANS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga para o debate do asunto:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que cando chegue un día o Sr. presidente e diga: vou cesar a este e a este por estes motivos que dicides, dado que eles non van dimitir, pero tes que dimitir ti tamén, terá a súa dimisión enriba da mesa. Porque para o grupo de goberno cando o barco vai ben é polo seu goberno, pero cando o capitán mete o barco nas pedras é culpa dos que van con el. En canto ao punto da orde do día di que o resultado da comisión, non por agardado, non deixa de ser sorprendente, e ao seu modo de ver supón un insulto á intelixencia e unha bufonada máis do grupo de goberno do PP. Primeiro, o Partido Popular desta Institución négase a crear unha comisión de investigación a requirimento dos grupos da oposición, e logo, cando xa se coñece o resultado do informe da OLAF, decide crear a devandita comisión, iso si, formada por persoas que daquela fixeron parte do goberno provincial e que foron determinantes na toma de decisións. Resulta evidente que a comisión non se ía autoinculpar, dado que os seus integrantes son xuíz e parte no proceso que está aberto contra da Deputación. O BNG entende que a proposta de crear unha comisión de investigación, -cando xa estaban sacadas as conclusións antes de empezar-, non foi máis que un exercicio de cinismo político e unha cortina de fume para desviar a atención duns feitos gravísimos: que a Deputación de Ourense está acusada de uso fraudulento de fondos europeos e condenada a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

devolver 10,1 millóns de euros. Como era previsíbel as conclusións deste *paripé* son que non hai responsabilidades políticas, non houbo inxerencia para que os técnicos perfilaran os pregos nunha determinada dirección, e a OLAF, nunha especie de contubernio xudeo-masónico, pretende salvar o seu prestixio como institución a costa da Deputación Provincial de Ourense e do *Baltarismo*. Como teoría da conspiración pode estar ben, como realidade non se colle nin con pinzas. A OLAF, como de todos é sabido, non limita a súa actividade fiscalizadora á Deputación Provincial de Ourense, tamén o fan con outros organismos públicos. Desde que se desprazou a Ourense ata que fixo público o informe pasaron varios meses, nos que ademais de entrevistarse con diversos funcionarios desta casa, examinaron a moita e variada documentación. Polo tanto o informe foi de todo menos de prexuízos. E non debe ser pouca cousa que a OLAF chegue ás conclusións que chegou no seu informe porque este organismo non pode investigar denuncias de fraude sen repercusión financeira nos fondos públicos da UE, e as súas conclusións foron que a Deputación de Ourense actuou vulnerando a lei, neste caso por un uso indebido de fondos europeos, o que motiva unha multa por fraude de 10.123.053 euros. E qué constitúe fraude? Fraude é unha acción deliberada de engano con ánimo de lucro persoal ou de prexudicar a outra parte. Algo debe de existir de certo nas conclusións deste organismo, porque o Xulgado n.º 2 de Ourense, que no seu momento arquivou a denuncia feita por un particular, por certo contra altos cargos da Institución, non contra funcionarios desta, admite a trámite o informe da OLAF, entregado polos grupos da oposición, e chama a declarar como imputado a un funcionario que foi o responsábel técnico de redactar os conseguintes pregos. Todos sabemos como e de que maneira se xestionou esta Deputación por parte do anterior presidente, *manu militari* (alguén lle dixo algunha vez que non saían mil pesetas da Deputación sen que el o soubese). Non se movía un papel, non se daba unha subvención, non se tomaba ningunha decisión sen o seu visto e praxe. Polo tanto non parece críbel que nunha decisión de tal magnitude, Baltar e o núcleo duro do seu grupo non tiveran responsabilidade ningunha e se limitaran a validar os informes dos técnicos, sen máis. *Dixit*.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que malvender as cuestións relacionadas cos hipódromos e demais non é algo medible e non é faltarlle ao respecto a ninguén, é unha valoración que entende así o Grupo Socialista, despois de achegar cantidades inxentes de cartos terse desprendido delas. Isto ten que quedar claro, xa que o Sr. presidente pensa que é un bo xestor, e con ese asunto investíronse cartos públicos para pasarllos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

a unha empresa privada. Pensa que dicir “escravos do pasado” non é ningún insulto nin ningunha forma de faltar ao respecto, senón que é definir unha cuestión concreta xa que o presidente actual é fillo do anterior presidente, polo que ten un problema para recoñecer que o anterior presidente e o seu grupo fixeron mal as cousas. Co tema das depuradoras están xogando a enganar con cuestións semánticas. Os compoñentes do Grupo Socialista poden ser parvos ou facerse os parvos, porque foron menos á escola que o presidente, non teñen o seu currículo e non teñen a mesma intelixencia que este, pero cando se fala de que as depuradoras están operativas non quere dicir que estean funcionando, polo que o Grupo Socialista non vai caer nesta trampa. O Grupo Socialista xa propuxo esa comisión de investigación antes destes acontecementos, e, se se tivera feito así, os grupos da oposición tamén formarían parte dela, polo que o grupo de goberno podería dicir que a oposición tamén estivera presente (a favor ou en contra) nas súas conclusións. Así, a oposición podería escoitar os argumentos dos funcionarios que pasaran pola comisión, e se agora teñen que pasar por sede xudicial non é culpa do Grupo Socialista. O grupo de goberno é responsable incluso desas situacións e non poden vir agora con este (con todos os respectos) panfleto, porque é unha tomadura de pelo. Esta comisión empeza dando a entender que a orixe destes proxectos é consecuencia dunha iniciativa do Grupo Socialista a través dunha moción e todos os que lean poden quitar a conclusión que a culpa é do Grupo Socialista que foi o que propuxo que se arranxaran os problemas de residuais e de depuración da provincia. Aquí parece que o que propón a solución para que se arranxen os problemas é o culpable de que o grupo de goberno fixese mal as cousas, e iso é unha burla á intelixencia. Se seguimos así non vai quedar ningún pelo que tomar, porque isto si que é unha gran tomadura de pelo, xa que unha comisión formada polos mesmos que cometeron as supostas irregularidades non vai dicir que se cometeron. O grupo de goberno ten o descaro de presentar este informe despois de ir a outras institucións e facerlles claves ás persoas que van explicar, ben ou mal, as conclusións ás que chegan eles como grupo. Isto non quere dicir que el veña defender a ninguén aquí, pero hai que ter cara para facer estas cousas. Xa ten dito en moitas ocasións que o sentido común é o máis común dos sentidos, e o grupo de goberno non o aplica e intenta que a oposición trague o que pon o documento. Segundo a comisión a conclusión é que non hai ningunha responsabilidade política, non hai ningunha orde política para favorecer a adxudicación dos contratos a unha empresa determinada, pero a Unión Europea non pensa iso. Se o grupo de goberno tivese a valentía de terlle feito caso ao Grupo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Socialista agora non se estarían lamentando pola situación, porque ao mellor coa política tiñan unha vía de escape. Outro erro é expoñer unha comisión de investigación, dicimos que hai cinco proxectos europeos que están baixo sospeita, o grupo de goberno a nega e (supón que se aprenderá algo dos erros) agora non creará outra comisión de investigación pantasma dos outros cinco proxectos (que por certo xa está no xulgado e curiosamente chamando a declarar a funcionarios e a ningún responsable político). O grupo de goberno non quere asumir responsabilidades e nin sequera información, porque a oposición nunca escoitou aos funcionarios encargados de elaborar os proxectos. Reitera que estas conclusións son unha tomadura de pelo e en canto ao último apartado (*seu traslado ao Pleno da Corporación e, se se estima, a súa posterior remisión ao Xulgado de Instrución*) di que os grupos fiscalizadores deste asunto non participaron nisto, polo que este acordo non se debería tomar neste pleno. Se queremos ser xustos e transparentes este debería ser un acordo dos tres grupos políticos. Repite que o Grupo Socialista non está aquí para ir aos xulgados e se iso ocorre non é a súa responsabilidade, senón que é do grupo de goberno. Como portavoz do Grupo Socialista non sabe xa que propoñerlles na vida política, porque se propoñen que os responsables políticos deste asunto dimitan, non se fai; se propoñen que dimita o xerente do organismo que leva estes proxectos e por riba non dá a información que lle piden, non o fai; se propoñen comisións de investigación non as fan (fanos despois a destempo e tomándolles o pelo aos cidadáns) e se llas propoñen despois con outros proxectos tampouco o fan. Anuncia que vai haber máis problemas cos fondos europeos e o Sr. presidente xa dixo que non había nada novo que tratar nin nada novo que investigar, e, como xa se viu, si que hai algo novo que xa está no xulgado. Pídelle ao presidente que non engane e que non se engane a si mesmo e que tome a decisión de sentarse cos grupos da oposición para abordar certas cuestións (algo que non fixo e agora acusa aos demais de ser irresponsables). Reitera que o documento que se presenta é un panfleto (con respecto para quen o redactou), unha tomadura de pelo e un sen sentido. O seu grupo votará en contra e tamén lle farán chegar ao xulgado que este acordo non conta co visto e prace do Partido Socialista.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, pídelle ao Sr. Gómez Pérez que non sexa tan malicioso, xa que non fondo non o é. Pide respecto para o traballo no que el coparticipou e poden estar seguros de que na comisión se viron uns cantos centos de papeis e con responsabilidades, aínda que algúns non o crean así porque non lles interesa. A comisión

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

empezou facendo un programa de traballos, para o que fixo un estudo cronolóxico desde que se inicia o expediente. Di que hai un erro no parágrafo segundo das conclusións, que di na sesión plenaria do 31 de maio de 1992, cando tiña que dicir de 2002. E é certo que era unha moción do Grupo Socialista, pero cando se recoñece o traballo resulta que lles parece mal. Estas conclusións son resultado dun traballo, aínda que non se recoñeza. Para constancia en acta quere que quede claro que coñecendo a Comisión informativa o contido da denuncia da OLAF, e vendo o contido do expediente administrativo tramitado polos servizos técnicos da Deputación Provincial, a referida comisión entende que o primeiro e fundamentalmente a realizar debe ser obter o relato e xustificación da actuación dos técnicos, tratando de que estes sinalen como se produciu a súa intervención no expediente e se explique e xustifique esta (cre que todos deben estar de acordo con isto). Esta forma de proceder por parte da Comisión no é para deixar a un lado o exame da intervención que puideran ter os órganos políticos, senón precisamente para poder determinar se nalgún momento, trámite ou fase do expediente administrativo ademais da propia actuación dos técnicos se produciu intervención dalgún órgano político. A Comisión de informativa, seguindo esta pauta de actuación, procedeu a chamar a comparecer ante ela aos funcionarios que tiveran participación nas distintas fases e trámites seguidos para a redacción e contratación dos citados proxectos Daredo e Deputrans. Os funcionarios que compareceron ante a comisión, cada un deles manifestou que en ningún momento (aínda que o Sr. Gómez Pérez dea por suposto que non contaron a verdade) da súa intervención e actuación recibiu indicación, nin presión ningunha a favor dalgunha empresa concreta, nin tampouco se lles deu directriz ningunha para condicionar os requisitos que se debían establecer para a contratación da subministración de plantas depuradoras e asistencias técnicas. Nesta cuestión todos eles foron meridianamente tallantes, afirmando que actuaron con absoluta liberdade de criterio, e suxeitándose á máis estrita legalidade, segundo o seu saber e entender. Os funcionarios comparecentes manifestaron ter coñecemento das alegacións que realizou a Diputación Provincial en relación co expediente de reintegro incoado pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios; neste sentido, todos eles comparten e fan súas as ditas alegacións, posto que nelas se ven fundamentar, e en consecuencia rebater integramente, a oposición e absoluta discrepancia por parte da Deputación Provincial co informe –denuncia, da Oficina Europea de Lucha Contra el Fraude (OLAF), e nas ditas alegacións argumentase e explícase todo o proceso seguido para a contratación dos proxectos Daredo e Deputrans,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

argumentación e explicación que ten como fundamentación os trámites seguidos e que implicitamente reflicten a actuación dos funcionarios. Unha vez practicada a comparecencia dos funcionarios, a Comisión, á vista do manifestado por eles, e analizando á súa vez as referidas alegacións ao escrito da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios chega á conclusión de que o que se dilucida neste asunto é unha discrepancia profunda sobre un expediente administrativo baseada en criterios técnicos distintos, incluso discrepancia en canto a requisitos e trámites administrativos. En relación co anterior a comisión non aprecia, nin ve constatable por ningunha parte, intervención ou mediación ningunha de órgano político da Deputación provincial sobre a actuación dos técnicos, e neste sentido nada poden dicir, nin se ve utilidade ningunha, sobre a intervención simplemente formal dos órganos políticos, que se ben interveñen en canto que son eles os que dan inicio ao expediente, e referendan coa súa aprobación e autorización as distintas fases e trámites do expediente de contratación, desta intervención non se aprecia, nin se deduce, e moito menos se pode constatar que incidise no traballo dos técnicos, traballo que en todo caso é asumido polos propios órganos políticos. A Comisión informativa, nace por un acordo adoptado por un órgano político, o Pleno da Corporación (matiza que se non se creou cando a propuxo a oposición foi porque se esperaba a ter o informe da OLAF). E en relación con isto, a comisión non pode deixar de manifestar e considerar que a denuncia-informe da OLAF se sustenta sobre apriorismos e presuncións que postos en contraste coas razóns e fundamentos técnicos-xurídicos das alegacións realizadas pola Deputación Provincial non deixan outra saída que o ter que rexeitar absolutamente o dito informe-denuncia e evidentemente ter que deixar a resolución desta total discrepancia baixo o amparo das instancias e organismos competentes que non poderán ser outros que os xurisdiccionais. A presente Comisión informativa celebrou todas as súas sesións coa única presenza nelas dos representantes do Grupo Popular, non asistindo a ningunha delas os representantes do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, malia ser convocados formalmente para cada unha delas, e chegou ás seguintes conclusións: 1.- No se deron, por parte dos órganos políticos, instrucións, recomendacións ou insinuacións para que polos técnicos se estableceran unhas condicións determinadas que viñesen predeterminar ou favorecer a adxudicación dos contratos cara algunha empresa determinada. 2.- Non se determina intervención de órganos políticos nos traballos dos técnicos que tramitan o expediente de contratación dos proxectos Daredo e Deputrans. 3.- A intervención dos técnicos nas distintas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

fases e trámites do expediente de contratación é seguindo exclusivamente criterios e normas técnico-xurídicas. 4.- Non se determinan responsabilidades políticas, nin administrativas, ou doutra orde dos órganos políticos que autorizan o expediente de contratación. 5.- Non se determinan responsabilidades administrativas, nin doutro tipo, dos técnicos que interveñen no expediente. 6.- Asumir na súa totalidade as alegacións realizadas pola Presidencia da Deputación Provincial no expediente de reintegro iniciado pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, organismo dependente do Ministerio de Facenda. 7.- Elevar estas conclusións á Presidencia da Diputación para o seu traslado ao Pleno da Corporación e, se se estima, a súa posterior remisión ao Xulgado de Instrución n.º 2 de Ourense para os efectos das Dilixencias Previas 416/2009. Cre que está claro e non cabe interpretar outras cousas.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que o BNG xa ten dito por activa e por pasiva que hai responsabilidades políticas, as outras deberá dirimilas o xulgado, e por iso non queren que se converta en chibo expiatorio de todo o proceso ao funcionario ou funcionarios de quenda. É curioso que se poña o foco na presunta responsabilidade penal dun funcionario cando estamos a falar dun delito que puidera estar prescrito, e que polo tanto non tería consecuencias penais. O Sr. presidente, como presidente da Institución, en vez de facer como o avestruz, debe darlle unha desculpa pública á cidadanía de Ourense, porque unha vez máis a Deputación Provincial de Ourense volve estar en boca de todos como exemplo de desprestixio institucional. Debe dicirlles aos cidadáns e cidadás que non será Ourense quen pague as consecuencias desta irresponsabilidade política (de ter que pagala). A provincia non pode perder 10 millóns de euros, nun momento en que cada euro conta para facerlles fronte ás necesidades enormes que está a provocar a crise. Debe actuar con responsabilidade fronte ás institucións europeas para que este feito non teña repercusión á hora de solicitar e recibir novos fondos europeos, non contratando a unha empresa para que faga o que o presidente nin se atreve a facer, nin é capaz de facer, empresa que aínda por riba ten aberto un proceso xudicial contra 61 executivos na Audiencia Nacional (espera que non saia na súa defensa, porque é propio do Sr. presidente defender as multinacionais). O BNG considera que os responsables políticos, de ter causado semellante despropósito, deben responder patrimonialmente, e non teñan que ser os cidadáns quen asuma unha vez máis as consecuencias da irresponsabilidade e da incompetencia do PP. Finalmente, o BNG, xa que o grupo de goberno non tivo a carraxe nin a decencia política necesaria para facelo, demanda da xustiza que chegue ata as últimas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

consecuencias e que se chame a declarar aos responsables políticos que, ao seu modo de ver, tiveron claras e evidentes responsabilidades nesta cuestión tan lesiva para os intereses de Ourense e da súa cidadanía. Pregúntase se todo estaba tan ben por qué está na xustiza.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, o Partido Popular centra o debate nos funcionarios e xa dixo antes que os funcionarios non terían por qué pasar ese trago se no seu día se tivese a ben facer a comisión de investigación antes de que chegase o informe. Cando o Grupo Socialista a pediu, pediuna con datos enriba da mesa (descertificacións, informe da facenda pública ...) e o grupo de goberno dixo que tiñamos que demostrar nun xulgado o que se estaba a dicir. Isto non é ser malicioso, senón que é unha realidade obxectiva que consta no Pleno da Deputación. O Grupo Socialista non é malo malísimo, senón que é responsable e así o avisaron na vía política, pero o grupo de goberno naquel momento fixo o que creu oportuno e agora enfocan todo cara aos funcionarios para intentar desvirtuar o asunto. É lóxico que os políticos informen aos funcionarios o que queren facer e eles informarán favorable ou desfavorablemente o que se quere facer, pero non para pedirilles que cometan irregularidades. Neste país existen mecanismos de control pero sobra quen pase estes mecanismos polo forro e así está a cidadanía, pensando que todos somos iguais. Porque cando goberna o Partido Socialista ou o BNG todo é culpa deles, pero cando se investiga a sede do partido maioritario do país a corrupción é xeneralizada. O grupo de goberno di que non hai responsabilidades políticas e queren desmontar o informe da OLAF, algo que lle parece moi ben igual que lle parecería moi ben que non se tivese que descertificar nin devolver nada. Pero algo que non ten discusión é que xa houbo descertificacións, devolución de cartos, os proxectos non se poñen en marcha, faise dimitir ao presidente do INORDE, contrátanse empresas para xestionar os fondos europeos e que van ser as salvadoras dos proxectos europeos, e iso, cando menos, algunha responsabilidade política terá aínda que non se queira asumir. Esperaban que o Sr. presidente tivese máis visión política e que non tivese feito este *paripé* tomándolles o pelo aos grupos e intentando lavar a cara, pero saíndo con ela máis sucia que coa que entrou. Antes de finalizar quere pedir unha cuestión de orde, pero primeiro pídelles ao Sr. presidente que explique por qué non quixo participar na comisión.

O **Sr. presidente** intervén para dicir que na constitución da comisión se dicía que o presidente sería o da Corporación ou en quen delegue e el delegou no vicepresidente, Rosendo Fernández, e non hai ningún outro motivo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Continúa o **Sr. Gómez Pérez** e di que o presidente, nalgunha declaración, dixo que non quería participar porque o asunto tiña que ver coa xestión anterior.

O Sr. presidente di que non lembra ningunha declaración nese sentido.

O Sr. Gómez Pérez di que a cuestión de orde é que para o Grupo Socialista hai persoas que participaron nas xuntas de goberno que tiñan que ver co inicio destes proxectos, incluído o expresidente do INORDE, polo que entenden que non poden votar estas cuestións, por estar directamente afectados por elas.

Intervén o **Sr. secretario** e di, que el lembre (só estivo de secretario no Deputrans, no Daredo era vicesecretario) non se levou ningún prego de contratación ás xuntas de goberno. Foron aprobados por decreto do anterior presidente, agás o Deputrans que foi aprobado por acordo plenario, cre lembrar. Daquela o Sr. vicepresidente, Rosendo Fernández, nin sequera era deputado. Entende que os incidentes de recusación deben expoñerse por escrito para poder estudalos. Non lle consta que ningún dos presentes tivese algunha intervención e por outra banda este acordo que se adopta é un acordo carente de efectos xurídicos e é unha pura declaración de que a comisión non atopa responsabilidades políticas e responsabilidades doutros tipo. Este Pleno non é competente para declaralas, incluso as responsabilidades administrativas que afectarían exclusivamente aos funcionarios, porque non ten competencia para facelo con este procedemento. Reitera que é un acordo político e de manifestación, que non ten maiores consecuencias.

O Sr. Gómez Pérez di que non falan de consecuencias xudiciais, senón que preguntan se a votación se pode producir por todos os membros que interviñeron na cuestión que se está investigando. De todas formas non é unha discusión que vaian manter co Sr. secretario, porque cren que nalgunha xunta de goberno daquela época si se tomou algunha decisión, é máis, algún responsable político daquela época fixo algunha declaración nese sentido (ao mellor estaba errado) autoexculpándose para culpar a outra persoa que estaba aquí. Se son un erro esas declaracións aclararano e terán que recusar este acordo.

Intervén o **Sr. secretario** e di que o único que puido ir a algunha xunta de goberno é a aprobación do proxecto europeo que se presentou, pero os expedientes de contratacións (fala de memoria) foron aprobados por decreto da Presidencia (polo menos os dous primeiros do Daredo porque foron tramitados con moita urxencia) e o terceiro, o Deputrans, levouse a pleno porque era un contrato plurianual no que a distribución das anualidades era diferente á prevista

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

con carácter xeral pola Lei de facendas locais. Cando falou de que era un acordo sen efectos non se refería a efectos xudiciais, senón que sen efectos xurídicos legais, é dicir, sen modificar ningún tipo de relación xurídica, sen impoñer obrigas a ninguén ou sen recoñecerlle delitos a ninguén. Entende que o tema da recusación debe poñerse en relación co efecto de que o acordo que se vai adoptar poida xerar un beneficio ou un prexuízo a unha persoa vinculada con alguén dos que adoptan o acordo, e é a iso ao que se refería.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que os órganos políticos son os que dan as indicacións para impulsar os procedementos e esas indicacións poden ser axeitadas ao marco xurídico ou non axeitadas. Ás non axeitadas son ás que se refire, as outras forman parte do procedemento administrativo. O acordo que se vai adoptar, como ben di o Sr. secretario, é un acordo político, no que as conclusións non se refiren a ninguén en concreto e polo tanto non sabe a que ben a posible abstención na votación dalgún representante. Vai facer unha cronoloxía cuns datos que deixan claras as pretensións dos grupos da oposición neste asunto, especialmente do Grupo Socialista e para que se vexa que a comisión algo fixo (xa que se puxo en dúbida o seu traballo). No Pleno do 31 de maio de 2002 aprobouse, por unanimidade dos tres grupos políticos, unha moción do Grupo Socialista encamiñada a corrixir os vertidos de fosas sépticas e redes de saneamento na provincia de Ourense. No Pleno do 26 de setembro de 2003, co Sr. Vázquez á fronte do Grupo Socialista, propónse a ratificación do decreto da Presidencia no que se aproba o prego de condicións do concurso para subministración das depuradoras do Plan Daredo, que é ratificado por unanimidade, polo que recoñecían que estaban ben. No Pleno do 28 de novembro de 2011 ratificouse o decreto da Presidencia adxudicando o concurso para subministración de plantas depuradoras, neste acordo abstense o Grupo Socialista e votan a favor o Partido Popular e o BNG. A explicación do voto do Grupo Socialista é porque din que a Deputación debería comprobar o número de habitantes dos concellos e non fiarse dos datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamento Local, non esgrimen ningún outro motivo (portavoz o Sr. Iglesias Sueiro). No Pleno do 24 de setembro de 2004, apróbanse os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que rexerán o concurso para a contratación da subministración de plantas depuradoras de augas residuais para pequenos núcleos de poboación, no marco do proxecto Deputrans 2004-2005, cos votos favorables do Partido Popular e do BNG e coa abstención do Partido Socialista. No Pleno do 22 de xullo de 2005 acórdase, por unanimidade dos 25 deputados e polo tanto dos tres

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

grupos políticos, a autorización da transferencia aos concellos e mancomunidades da provincia de Ourense das depuradoras compactas residuais nos plans Daredo e Deputrans. E no Pleno do 25 de xaneiro de 2008 apróbase, igualmente por unanimidade, unha moción do Partido Socialista sobre axuda ao mantemento das depuradoras instaladas nos pequenos núcleos ao abeiro dos plans Daredo e Deputrans, na que se acorda que a Deputación, en colaboración cos concellos, elabore un contrato de mantemento das instalacións depuradoras. Con isto quere dicir que os dous grupos da oposición estiveron sempre ao lado do canón, é dicir ao lado do que agora estivo rematadamente mal. Pode deducir que o Partido Socialista e o BNG, desde o ano 2002, estiveron sempre a favor destes proxectos e dun xeito ou doutro participaron no seu desenvolvemento, sen advertirlles nin aos equipos de goberno que estaban na Deputación naquelas datas nin a cidadanía ningunha anomalía (que a el lle conste). Non sabe a que ben agora esa campaña de desprestixio aos técnicos e aos responsables políticos da Deputación. Pensa que ao mellor é para facer fume e tapar outras cousas que nada teñen que ver co funcionamento da Deputación. Xa o dixo no pleno pasado e repíteo hoxe, estamos aquí para defender os intereses dos cidadáns da provincia de Ourense e non para defender intereses electorais, máis ou menos lexítimos, das forzas políticas ás que pertencemos. Corren tempos difíciles e os nosos concidadáns esperan máis dos políticos que simples liortas oportunistas. Dilles aos grupos da oposición que, sen renunciar ao seu labor de control e fiscalización, se poñan ao lado da Presidencia desta Deputación e do grupo de goberno, porque toca defender á nosa provincia e iso pasa por non devolver 10,1 millóns de euros. O Grupo Popular está nesa teima e seguirán con ela, a oposición, ao día de hoxe, non, e espera que de inmediato se unan a ela e ao mellor sendo máis positivos e colaborando máis poden ter máis apoios e sacar máis réditos electorais. Reitera que se non se creou antes a comisión foi porque se esperaba o informe da OLAF, comisión na que os grupos da oposición non quixeron participar e está seguro de que están arrepentidos, porque tiveron a oportunidade de examinar toda a documentación (aínda que sempre a tiveron á súa disposición) e preguntarlles aos técnicos o que lle dera a gana e poder propoñer as comparecencias que agora critican que non se fixeron. En canto ao que diga a xustiza, pide sosego, xa o dirá no seu momento.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación as conclusións da comisión informativa especial sobre os proxectos Daredo e Deputrans, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Socialista (7), da deputada dona Victoria Morenza Doforno que votou por correo (1) e dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as conclusións da Comisión informativa especial sobre os proxectos Daredo e Deputrans, co seguinte contido literal:

1.- No se deron, por parte dos órganos políticos, instrucións, recomendacións ou insinuacións para que polos técnicos se estableceran unhas condicións determinadas que viñesen predeterminar ou favorecer a adxudicación dos contratos cara algunha empresa determinada.

2.- Non se determina intervención de órganos políticos nos traballos dos técnicos que tramitan o expediente de contratación dos proxectos Daredo e Deputrans.

3.- A intervención dos técnicos nas distintas fases e trámites do expediente de contratación é seguindo exclusivamente criterios e normas técnico-xurídicas.

4.- Non se determinan responsabilidades políticas, nin administrativas, ou doutra orde dos órganos políticos que autorizan o expediente de contratación.

5.- Non se determinan responsabilidades administrativas, nin doutro tipo, dos técnicos que interveñen no expediente.

6.- Asumir na súa totalidade as alegacións realizadas pola Presidencia da Deputación provincial no expediente de reintegro iniciado pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, organismo dependente do Ministerio de Facenda.

7.- Elevar estas conclusións á Presidencia da Diputación para o seu traslado ao Pleno da Corporación e, se se estima, a súa posterior remisión ao Xulgado de Instrución n.º 2 de Ourense para os efectos das Dilixencias Previas 416/2009.

2º.- Darlle traslado destas conclusións, así como das actas da comisión, ao Xulgado de Instrución n.º 2 de Ourense para os efectos das Dilixencias Previas 416/2009.

En canto aos puntos 8º, 9º e 10º o Sr. presidente di que hai que ratificar a súa inclusión na orde do día, que se acordou en Xunta de Portavoces, porque se trata de asuntos que aínda estaban en información pública e non puideron ser ditaminados polas comisións correspondentes.

Por unanimidade acórdase a ratificación na inclusión da orde do día dos citados puntos.

8º.- PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCiónS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE PARA O EXERCICIO 2014.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Trala ratificación previa por unanimidade da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 30 de xaneiro de 2014.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que a risiña malévola do Sr. Álvarez Dobaño no último punto declara cales eras as súas intencións. Pode repartir, falando mal, hostias entre todos que teñen bo lombo para levalas, pero por moito que o intente hai uns que son responsables e outros que non o son. En canto ao punto da orde do día di que o plan estratéxico é a consecuencia da aprobación da ordenanza de subvencións, co contido e obxectivos sinalados nela. Como é de todos coñecido, o grupo provincial do BNG xa se manifestou a respecto dela, polo que a súa posición vai ser reiterativa a respecto do que dixeron no mes de outubro. A pretensión da ordenanza é regularizar unha práctica que ben sendo a tónica xeral nesta Deputación Provincial, que non é outra que o uso e abuso das subvencións a dedo, ao tempo que engloba todas as subvencións que xa se viñan concedendo por parte desta Deputación. Sendo coherentes co que se votou naquel momento anuncia que van votar en contra do Plan Estratéxico. Tanto a ordenanza, con carácter xeral, e en consecuencia o Plan estratéxico, conteñen as previsións da normativa estatal e galega de subvencións, pero con dúas obxeccións concretas, que permitirán seguir mantendo axudas a dedo: as nominativas previstas no orzamento e as de emerxencia social. En ambos casos a súa concesión pode ser discrecional e dun volume importante. No caso das nominativas estamos a falar de preto de 1.650.000 euros, dos máis de 8 millóns de euros consignados no orzamento, á parte as sucesivas modificacións de crédito producidas, que incrementan notablemente a cantidade destinada para tal fin. Unha cifra desorbitada, pois ese tipo de subvencións está previsto para casos singulares. No caso das de emerxencia social, non hai criterios claros para delimitalas, polo que poderá ser un método flexíbel para conceder axudas a dedo, ou tras a súa petición logo da entrevista co presidente ou deputado provincial de quenda, sen unha guía ou norma clara, o que permite case calquera tipo de motivación para concedelas. Tamén introduce este orzamento outra modalidade, bastante sibilina, de subvencións encubertas vía convenios coa Deputación. Remítese ao Pleno do mes de outubro, para que sirva de argumento para este punto. Reitera o voto en contra.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que vai aceptar *pulpo* ou *polbo*, porque lle gustan as dúas cousas (sen malicia) como animal de compañía. Seguramente terían razóns para aprobar este texto, porque seguramente está ben, pero van facer

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

caso do que dicía o Sr. Álvarez Dobaño, e non o van aprobar, porque pode ocorrer que a intencionalidade política do texto (igual que no tema que se acaba de debater) sexa outra que eles non saben e despois bótanlle as culpas de que se dean subvencións a dedo ou de que se fagan cousas que non se deben e incluso lles botarán a culpa da morte de Manolete, e dentro de 20 anos dirán que foi culpa do Grupo Socialista por aprobar o asunto. O Partido Socialista pode propoñer moitas cousas. A xente deste país o está a pasar mal, está tendo fame e poden facer algunha proposta en tal sentido para remedialo, pero iso non quere dicir que apoiem que o grupo de goberno entre nos supermercados e os atraque. No texto hai cousas que sementan dúbidas, polo que non se fían, e non terán ningún problema, se eses criterios están ben seguidos, en recoñecelo publicamente. Hai un punto que é imposible que o aproben porque ten que ver co INORDE, e o seu grupo pide que desapareza. Votan en contra sobre todo para que, cando o grupo de goberno faga as falcatruadas que acostuman facer, non poidan dicir que é culpa deles por votar a favor.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que a ordenanza xeral de subvencións xa foi debatida suficientemente neste Pleno e isto é unha consecuencia desa ordenanza. O texto foi publicado no BOP e só se presentou unha alegación, máis referida a un erro que ao texto en si. Cónstalle que é unha das mellores ordenanzas existentes nunha administración pública local. Reitera que o Plan Estratéxico é unha consecuencia desa ordenanza, coa que o grupo de goberno está totalmente de acordo.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Socialista (7), da deputada dona Victoria Morenza Doforno que votou por correo (1) e dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a alegación formulada polo Concello de Boborás, rectificándose o nome do beneficiario da subvención nominativa do premio literario Antón Losada Diéguez para o ano 2014, que é o Concello de Boborás e non o do Carballiño como figura por erro.

2º.- Aprobar o Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o exercicio 2014, co seguinte contido:

I. Memoria xustificativa

Con data 13 de decembro de 2013 publicouse no Boletín Oficial da Provincia o texto definitivamente aprobado da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Ourense que, conforme coa súa disposición derradeira, entrou en vigor o día 1 de xaneiro de 2014.

Entre as novidades introducidas pola dita ordenanza, atópase unha regulación específica da planificación estratéxica das subvencións provinciais, contida no seu título III, regulación que intenta adaptar ás peculiaridades da Administración provincial a regulación xeral contida no artigo 8 da Lei xeral de subvencións, que carece dun desenvolvemento regulamentario específico para as entidades locais.

Entre outros aspectos, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación recolle expresamente no seu artigo 12 o carácter preceptivo dos plans estratéxicos como requisito previo para a concesión de subvencións, carácter que a lexislación vixente non establecía de modo explícito, pero que foi declarado pola xurisprudencia do Tribunal Supremo, en sentenzas do 26 de xuño e 4 de decembro de 2012.

En consecuencia, a aprobación dun plan estratéxico, co contido e obxectivos sinalados na ordenanza, resulta unha necesidade ineludible para posibilitar a concesión de subvencións no exercicio 2014, tanto por parte da Deputación como por parte do Inorde.

Polo anterior, procedeuse á elaboración do presente plan estratéxico, baseado nas seguintes ideas fundamentais:

- En primeiro lugar, e dado o carácter novidoso do plan estratéxico, que se emprega por vez primeira na Deputación Provincial, optouse por elaborar un plan a curto prazo, cunha vixencia dun ano (ao abeiro do establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, que esixe que a vixencia dos plans teña un mínimo dun e un máximo de tres anos) coa idea de que a súa avaliación permita, no futuro, planificar a máis longo prazo.

- Neste senso, considérase que unha das principais utilidades do plan reside na súa capacidade de sistematización das distintas liñas de subvencións previstas nos vixentes orzamentos, contribuindo deste xeito a unha avaliación futura da actual política de subvencións, a través dos informes de avaliación e seguimento do plan.

- Doutra banda, pártese dun criterio continuísta con respecto á política de subvencións seguida ata a data (sen prexuízo de introducir xa cambios relevantes con respecto ao exercicio 2013 e anteriores) baseado en consideracións de oportunidade, tendo en conta que a política de subvencións afecta a sectores que dependen destas axudas para o ordinario desenvolvemento das súas actividades, o que determina que calquera cambio nestas políticas poida ter efectos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

drásticos sobre as actividades subvencionadas, particularmente con respecto ás entidades sen ánimo de lucro que dispoñen de escasas alternativas de financiamento. Isto aconsella realizar gradualmente as modificacións que se consideren oportunas, co fin de permitir aos sectores afectados a súa progresiva adaptación aos cambios.

- O Plan estratéxico concíbese, dada a súa natureza e configuración legal, como un instrumento programático. Non obstante, establécese un nivel mínimo de vinculación co plan, en dous sentidos: en primeiro lugar, prohibindo a concesión de subvencións para liñas de acción non previstas no plan, e, en segundo lugar, establecendo unha específica obriga de motivación das desviacións que eventualmente se produzan respecto das súas previsións.

- O Plan estrutúrase en cinco liñas de acción iniciais (cooperación coas entidades locais, fomento da cultura, fomento da educación, fomento do deporte, fomento do benestar social e fomento do desenvolvemento económico) en coherencia coas competencias provinciais e coas previsións dos orzamentos xerais da Deputación Provincial para o exercicio 2014. Ademais, prevese a posibilidade de abrir unha sexta liña de acción, dedicada ao fomento do asociacionismo veciñal, no caso de que coa liquidación do exercicio 2013 resulten remanentes suficientes para o seu financiamento.

II. Determinacións do Plan Estratéxico De Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do Inorde para o exercicio 2014

A) Ámbito de aplicación e alcance das determinacións do Plan

As determinacións contidas no presente plan estratéxico serán de aplicación á totalidade dos procedementos de concesión e xustificación de subvencións xestionadas e financiadas pola Deputación Provincial de Ourense e o Inorde ao longo do exercicio 2014.

En coherencia co carácter programático do plan, cuxo contido non crea dereitos nin obrigacións e queda condicionado á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo ás disponibilidades orzamentarias do exercicio, as súas determinacións teñen o carácter de orientacións estratéxicas que deben seguirse na xestión dos procedementos correspondentes polos órganos e unidades administrativas competentes da Deputación Provincial e do Inorde. Estas orientacións estratéxicas vincularán con carácter xeral aos órganos da Deputación, nos seguintes termos:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

a) Non poderán concederse subvencións para finalidades non comprendidas nas liñas de subvención previstas no presente Plan, agás nos supostos de subvencións que se concedan para a atención de situacións sobrevidas de catástrofe ou calamidade pública.

b) En todo caso, nos supostos en que os órganos xestores do plan consideren necesario apartarse das orientacións estratéxicas que este contén, deberán motivalo suficientemente. As desviacións respecto ás previsións do plan serán recollidas no informe de avaliación para coñecemento do Pleno.

B) Obxectivos estratéxicos

Indícanse especificamente para cada liña do Plan.

C) Liñas de subvención do Plan Estratéxico 2014

C.1. Cooperación ás obras e servizos municipais

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña, establecida no exercicio das competencias provinciais de coordinación dos servizos municipais e cooperación e asistencia a municipios outorgadas polo artigo 36.1. apartados a) e b) da Lei de bases de réxime local, afecta ás competencias municipais en tres ámbitos:

a) Servizos mínimos obrigatorios previstos no artigo 26 da Lei reguladora das bases do réxime local.

b) Servizos sociais.

c) Servizos de protección civil.

d) Servizos de depuración de augas residuais.

e) Investimentos relacionados con outras competencias municipais.

Non se recollen nesta liña as posibles subvencións a concellos e mancomunidades para acción culturais e deportivas, que se canalizarán a través das liñas específicas previstas no presente plan estratéxico.

O sector ao que se dirixen as axudas é exclusivamente ao das entidades locais da provincia (concellos, entidades locais menores, mancomunidades e consorcios).

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Os obxectivos e efectos perseguidos co presente Plan Estratéxico 2014, referidos ás principais áreas de competencia da Deputación Provincial, son os seguintes:

- No ámbito da cooperación cos concellos e demais entidades locais:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

a) Garantir un nivel mínimo de investimento en infraestruturas de titularidade municipal, en particular nas relacionadas cos servizos mínimos obrigatorios, incrementando o nivel de investimento dos últimos anos.

b) Prestar axuda financeira aos concellos en situación de insuficiencia orzamentaria.

c) Garantir o financiamento mínimo para o mantemento dos servizos sociais de titularidade municipal e dos puntos de atención á infancia.

d) Posibilitar a continuación da experiencia comarcal de xestión do servizo de depuración de augas residuais a través do Consorcio de Augas de Valdeorras.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo antes do 1 de decembro de 2014, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nos plans, programas ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio 2014. Non obstante o anterior, a execución de actuacións consistentes en investimentos poderá adiarse, sempre que concorra causa xustificativa, ata o 31 de decembro de 2015. Excepcionalmente, este prazo poderá ampliarse a dous exercicios máis.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

a) Custos previsibles:

O importe previsto inicialmente para esta liña de subvencións é de 7.375.333,20 euros, podendo ser obxecto de ampliación ao longo do exercicio orzamentario, en función dos remanentes dispoñibles logo da liquidación do orzamento de 2013.

b) Fontes de financiamento:

As achegas serán realizadas exclusivamente con fondos propios da Deputación Provincial. Non obstante, as entidades locais beneficiarias poderán complementar o financiamento das actuacións subvencionadas con achegas financiadas, ben sexa con fondos propios municipais, ben con fondos obtidos doutras administracións públicas ou da Unión Europea.

5.º Plan de acción

As subvencións correspondentes a esta liña xestionaranse a través dos seguintes instrumentos:

I. Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e de Rede Viaria Provincial

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

A través deste plan, canalizarase a maior parte das subvencións destinadas a investimentos municipais relacionados cos servizos mínimos obrigatorios establecidos no artigo 26 da Lei de bases de réxime local, así como as subvencións para investimentos relacionados con outros servizos municipais. Ademais, o plan preverá a posibilidade de que os concellos en situación de insuficiencia orzamentaria destinen parte da subvención á amortización da súa débeda ou a gastos correntes relacionados cos servizos mínimos obrigatorios.

O plan conterá tamén unha achega destinada á entidade local menor de Berán.

A previsión inicial, conforme ao orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2014, é dunha achega de 4.575.000 euros para estas finalidades, con cargo a fondos propios provinciais exclusivamente. Os concellos poderán complementar voluntariamente estas achegas, con fondos propios ou procedentes doutras administracións públicas.

O calendario e procedemento a seguir será o seguinte:

a) O Pleno da Deputación aprobará as bases reguladoras do plan, establecendo un prazo para a formulación de solicitudes polos concellos ata o 31 de xaneiro de 2014.

b) De acordo coas solicitudes presentadas, a Deputación formulará o Plan, que deberá ser obxecto de aprobación en marzo de 2014.

c) As actuacións subvencionadas que consistan en amortización de débeda ou realización de gasto corrente deberán realizarse integramente no exercicio 2014. As actuacións subvencionadas consistentes en investimentos deberán contratarse ou acordarse a súa execución por administración antes do 1 de decembro de 2014, e concluírse a súa execución antes do 1 de decembro de 2015. Non obstante, admitirase a prórroga por dous exercicios máis, por causa xustificada.

d) A tramitación do Plan rexerase polo establecido nos artigos 36.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 10 da Ordenanza xeral de subvencións, tramitándose as subvencións conforme dispoñan as bases do plan, na modalidade de concorrencia non competitiva.

II. Convenio de cooperación coa Xunta de Galicia, a FEGAMP e os concellos que dispoñen de grupos de emerxencias supramunicipais

A través deste convenio subvencionarase o mantemento dos GES nos concellos da provincia que dispoñan deste servizo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Destínanse a esta finalidade 358.333,20 euros no exercicio 2014, sen prexuízo da posibilidade de incrementar esta contía, con cargo a remanentes do exercicio 2013, no caso de que se incorporen ao convenio novos municipios como sede dos GES.

As subvencións tramitaranse como subvencións nominativas, nos termos previstos no convenio plurianual aprobado polo Pleno da Deputación no pleno ordinario do mes de maio de 2013.

III. Programa Provincial de Cooperación cos Concellos para a Realización de Actuacións de Limpeza das Marxes das Redes Viarias Municipal e Provincial

Este programa continuará o convenio – marco para a contratación de choferes de máquinas rozadoras que se veu levando a cabo nos exercicios orzamentarios precedentes. O obxectivo deste plan é paliar a insuficiencia financeira dos concellos para a realización dos traballos de limpeza das marxes das estradas municipais e o cumprimento das obrigas establecidas a este respecto pola lexislación de protección contra incendios forestais (normativa que non preveu dotación orzamentaria ningunha para as entidades locais). Máis en concreto, o programa subvenciona a contratación de persoal para o manexo da maquinaria rozadora precisa para estas labores de limpeza. Por razóns de eficiencia, o programa esixe que os concellos colaboren na limpeza das vías provinciais, como medio de optimizar os medios financeiros postos á súa disposición

Como consecuencia da entrada en vigor da Ordenanza xeral de subvencións, a súa tramitación en 2014 deberá levarse a cabo conforme ás previsións do artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións, na modalidade de programas de cooperación en concorrencia non competitiva.

A aprobación deste programa deberá levala a cabo o Pleno da Deputación – dado o seu carácter de plan ou programa de carácter provincial – no primeiro trimestre de 2014, a fin de posibilitar a execución das actuacións de limpeza das marxes das vías municipais e provinciais entre os meses de xuño e outubro de 2014.

A dotación prevista neste programa, conforme ao orzamento xeral para 2014, é de 360.000 euros, integramente financiados con fondos propios da Deputación Provincial.

IV. Programa Provincial de Asistencia Técnica, Económica e Xurídica aos Concellos e Mancomunidades en Materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2014

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Este programa – continuación dos xa executados nos exercicios 2012 e 2013 – canaliza as subvencións tanto para o financiamento do servizo de axuda no fogar básico (destinado a persoas que non teñen efectivamente recoñecido o estatuto de dependencia) como para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios de Galicia.

A través deste programa lévanse a cabo as accións de cooperación económica e técnica que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A dotación total do programa para o exercicio 2014, segundo o previsto no orzamento xeral da Deputación, é de 875.000 euros, dos que 607.659 se dedican a subvencionar o servizo básico de axuda no fogar e 267.341 a subvencionar a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios.

O programa será aprobado polo Pleno da Deputación en xaneiro de 2014, tras a súa tramitación conforme ao previsto no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións, de tal xeito que os concellos e mancomunidades poidan completar o trámite de adhesión ao programa no mes de febreiro. A adxudicación das subvencións levarase a cabo na modalidade de concorrencia non competitiva, determinándose a contía das subvencións en virtude de parámetros obxectivos relativos aos servizos sociais prestados polos concellos e mancomunidades beneficiarios.

V. Programa Provincial de Asistencia aos Concellos e Mancomunidades para a Xestión de Puntos de Atención á Infancia

Este programa ten por obxecto canalizar as subvencións para gastos de mantemento de puntos de atención á infancia de carácter municipal, que en exercicios anteriores se tramitaban como subvencións nominativas.

O programa será aprobado polo Pleno da Deputación no primeiro cuadrimestre de 2014, previa a súa tramitación conforme ao previsto no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

A adxudicación das subvencións levarase a cabo na modalidade de concorrencia non competitiva, determinándose a contía das subvencións en virtude de parámetros obxectivos relativos aos puntos de atención á infancia xestionados polos concellos e mancomunidades beneficiarios.

VI. Convenio de cooperación con Aguas de Galicia e o Consorcio de Augas de Valdeorras para o financiamento do servizo intermunicipal de depuración de augas residuais

Igual que no exercicio 2013, prevese a concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio de Augas de Valdeorras por importe de 80.000 euros, destinada a cofinanciar o déficit de explotación do servizo comarcal de depuración de augas residuais xestionado por este Consorcio (o resto do déficit é subvencionado por Aguas de Galicia). A subvención rexerese polo establecido no convenio de cooperación suscrito en 2013 entre Aguas de Galicia, a Deputación e o Consorcio.

VII. Subvención nominativa ao servizo contra incendios da Mancomunidade das Terras de Celanova

Como en exercicios anteriores, prevese a concesión dunha subvención nominativa por importe de 50.000 euros, destinada a financiar parte do gasto correspondente ao servizo contra incendios xestionado pola Mancomunidade das Terras de Celanova. As condicións da subvención estableceranse no acto da súa concesión pola Xunta de Goberno.

VIII. Convenios de cooperación coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Padrenda para a construción da EDAR municipal de Ponte Barxas (Padrenda) e para outras actuacións procedentes de exercicios anteriores

Trátase de diversas subvencións reguladas en distintos convenios suscritos en exercicios anteriores, cun importe total de 100.000 euros, cuxa beneficiaria é a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, pero cuxo destino é a construción de infraestruturas municipais – como a estación depuradora de augas residuais de Ponte Barxas, en Padrenda – razón pola que se inclúe na liña de cooperación ás obras e servizos municipais. Estas subvencións complementan o seu financiamento coas achegas da Confederación Hidrográfica con fondos propios e da Unión Europea para a creación destas infraestruturas. A regulación e condicións aplicables a estas subvencións establécense nos convenios de cooperación a través dos que se concederon.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

IX. Convenio de cooperación coas Consellerías de Educación e Cultura e Medio Ambiente e Infraestruturas e co Concello de Verín para a construción e equipamento do Auditorio Municipal

Prevese unha subvención nominativa por importe de 150.000 euros, con destino á construción e equipamento do Auditorio Municipal de Verín, no marco dun convenio de colaboración co Concello de Verín e as consellerías de Educación e Cultura e Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. As condicións concretas da subvención delimitáanse no dito convenio.

X. Subvención nominativa ao Consorcio Turístico da Ribeira Sacra para accións de promoción deste espazo turístico interprovincial

Aínda que no orzamento de 2014 non se contempla ningunha partida para esta finalidade, considérase a posibilidade da súa inclusión, ao longo do exercicio, con cargo a remanentes do orzamento de 2013. Esta subvención concíbese como acción complementaria das actuacións para acadar a declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade, que constitúe un obxectivo estratéxico desta Deputación Provincial.

XI. Plan de Investimentos Deportivos

Trátase dun plan de investimentos en infraestruturas deportivas de titularidade municipal, iniciado en exercicios anteriores e practicamente rematado na actualidade, reservándose 47.000 euros no orzamento de 2014 para o financiamento das actuacións pendentes.

XII. Outras subvencións en investimentos municipais

Os orzamentos para o exercicio 2014 reservan dúas partidas xenéricas (a aplicación 76200 – 45012, con 30.000 euros, e 76201 – 45012, con 550.000 euros) para eventuais subvencións de carácter directo ou de carácter nominativo con destino a investimentos municipais, cuxo emprego queda condicionado a que se produzan os supostos que conforme ao artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións habilitan para a concesión de subvencións directas (no que se refire á dotación de 30.000 euros) ou ao cumprimento dos límites sinalados polo artigo 9 da Ordenanza para a concesión de subvencións nominativas. En xeral, estas partidas quedan pois reservadas para a atención de investimentos non previstos inicialmente e que non teñan encaixe nos plans e programas que instrumentan a maior parte desta liña de subvencións.

XIII. Programa de Apoio a Mancomunidades

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Aínda que os orzamentos iniciais de 2014 non prevén ningunha partida con esta finalidade, de existiren remanentes dispoñibles resultantes da liquidación do exercicio 2013, poderase establecer ao longo do exercicio unha acción de apoio ás mancomunidades da provincia, con destino tanto ao financiamento de investimentos como ao apoio financeiro do seu funcionamento, que se instrumentará a través dun plan ou programa de cooperación tramitado conforme ao establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións. O programa de cooperación poderá facerse extensivo a outras entidades intermunicipais, como os consorcios locais.

C.2. Fomento da cultura

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia provincial prevista no artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Os sectores aos que se dirixen as axudas son as entidades locais, a universidade pública, as entidades e institucións culturais sen ánimo de lucro e as asociacións veciñais en xeral.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

- Contribuír á realización de actividades culturais e recreativas no conxunto da provincia, con especial atención ao fomento das artes escénicas e musicais e ás actividades culturais no ámbito universitario, como elemento necesario para a configuración dunha oferta cultural e de ocio plural e sostible, aberta ao público en xeral.

- Colaborar coa Universidade de Vigo garantindo a realización dun amplo programa de actividades culturais e de extensión universitaria no Campus de Ourense.

- Contribuír ao sostemento da Real Academia Galega, así como a determinadas actividades culturais de carácter senlleiro (actividades da Fundación Otero Pedrayo, Premio Otero Pedrayo, Premio Losada Diéguez).

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo e como regra xeral antes do 31 de xullo de 2014, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. No caso das subvencións para fomento de actividades escénicas e musicais, a concesión das subvencións deberá completarse como máximo antes do 1 de decembro. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio 2014.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

O custo estimado desta liña de acción é de 604.606,07 euros.

As subvencións financiaranse integramente con fondos propios da Deputación Provincial, sen prexuízo das achegas realizadas polos propios beneficiarios, ou ben con fondos doutras administracións públicas captados por estes.

5.º Plan de acción

As subvencións que integran esta liña instrumentaranse a través dos seguintes procedementos:

I. Concurso de subvencións para fomento das artes escénicas e musicais (Plan Tarazona)

A finalidade destas subvencións é o financiamento de actuacións escénicas e musicais de carácter gratuíto e abertas ao público en xeral, promovidas por entidades locais, entidades sen ánimo de lucro ou comisións de festexos.

Igualmente, poderán ser obxecto de financiamento a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas relativas a actuacións escénicas e musicais, promovidas por entidades locais ou entidades sen ánimo de lucro.

O procedemento será o de concorrencia non competitiva, permitíndolles aos beneficiarios (entidades locais, asociacións veciñais, comisións de festexos) seleccionar libremente a actividade escénica ou musical que desexen, de entre a oferta integrada por todas as agrupacións artísticas que se adhiran ao sistema. As bases garantirán unha estrita neutralidade da Administración pública na selección dos espectáculos subvencionados, quedando determinada a concesión de subvencións exclusivamente pola orde cronolóxica de solicitudes e a dispoñibilidade das agrupacións artísticas adheridas.

As bases do concurso deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro cuadrimestre do exercicio.

No caso do financiamento de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas, o procedemento será o dun concurso para a concesión de subvencións que poderá admitir a modalidade de concorrencia competitiva ou non competitiva.

A dotación prevista no orzamento de 2014 para esta finalidade é de 200.000 euros.

II. Concurso de subvencións para realización de actividades culturais e recreativas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

A finalidade destas subvencións é o financiamento da realización de todo tipo de actividades culturais ou recreativas, promovidas por entidades locais e entidades sen ánimo de lucro.

O procedemento será o de concorrencia competitiva. Os criterios de valoración incentivarán aquelas actividades que contén cun maior impacto social, así como a capacidade de autofinanciamento da entidade beneficiaria; igualmente, incentivaranse as actividades culturais que se estimen de especial interese polo seu carácter senlleiro, especial calidade ou pola súa incidencia na protección de tradicións culturais da provincia.

As bases do concurso deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro cuadrimestre do exercicio.

A dotación prevista no orzamento de 2014 para esta finalidade é de 150.000 euros.

III. Convenio coa Universidade de Vigo para a realización de actividades culturais

A través dun convenio coa Universidade de Vigo regularase a concesión dunha subvención nominativa, por importe máximo de 165.000 euros, destinada a financiar a realización de actividades culturais e de extensión universitaria no campus de Ourense. Poderase incluír entre as finalidades subvencionadas a realización de programas de apoio á mobilidade dos estudantes do campus e a grupos de investigación do Campus de Ourense.

As concretas condicións da subvención regularanse no convenio, que deberá ser obxecto de negociación e aprobación pola Xunta de Goberno antes do 28 de febreiro de 2014.

IV. Subvención nominativa á Real Academia Galega

A finalidade desta subvención nominativa é contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento da Real Academia Galega, cun importe de ata 40.000 euros. As concretas condicións da subvención regularanse no acto da súa concesión.

V. Subvención nominativa á Fundación Otero Pedrayo

A finalidade desta subvención nominativa é contribuír ao financiamento das actividades culturais xestionadas pola Fundación Otero Pedrayo, cun importe de ata 40.000 euros. As concretas condicións da subvención regularanse no acto da súa concesión.

VI. Achega ao Premio Otero Pedrayo

Prevese unha achega de 3.606,07 euros como contribución da Deputación Provincial a este histórico premio, concedido anualmente polas catro deputacións galegas e mais a Xunta de Galicia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

VII. Subvención nominativa ao Concello do Carballiño para o Premio Antón Losada Diéguez

Como en exercicios anteriores, prevese unha subvención nominativa de 6.000 euros, destinada a financiar os gastos do Premio Losada Diéguez, xestionado polo Concello do Carballiño, en atención á consolidación deste premio.

IX. Fondo para eventuais subvencións para rehabilitación do patrimonio histórico-artístico.

Na aplicación orzamentaria 78000 – 33611 prevese unha partida de 20.000 euros para transferencias de capital para investimentos en monumentos ou bens integrantes do patrimonio histórico-artístico.

Esta dotación resérvase para facer fronte a eventuais necesidades de investimentos nos bens sinalados que poidan xurdir ao longo do exercicio (de xeito semellante a como aconteceu no exercicio 2013, a raíz do incendio da capela dos Remedios en Ourense). As subvencións correspondentes, se é o caso, tramitaranse como subvencións directas ou nominativas, sempre que se cumpran os requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións. No caso de non xurdiren estas necesidades, poderá incorporarse, tras a oportuna modificación orzamentaria, para reforzar outras accións desta ou doutras liñas de subvencións.

C.3. Fomento do deporte

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia prevista no artigo 118.d) da Lei 571997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como na Lei do deporte de Galicia.

Os sectores aos que se dirixen as axudas son as entidades locais, entidades deportivas sen ánimo de lucro, sociedades anónimas deportivas, asociacións veciñais e deportistas individuais cualificados.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

- Garantir o mantemento da actividade das principais entidades deportivas de Ourense, con especial atención ao deporte de base.

- Garantir a existencia dunha actividade plural e diversificada de actividades deportivas na provincia de Ourense, especialmente de actividades deportivas abertas ao deporte de base (con programas como o das Copas Deputación) e actividades abertas ao público en xeral, baseadas nos conceptos de “deporte para todos” e “deporte – saúde”.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

- Promover e incentivar a actividade dos deportistas individuais ourensáns especialmente destacados nas súas disciplinas deportivas.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo antes do 31 de xullo de 2014, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. No caso das subvencións a deportistas individuais o prazo será o 1 de decembro de 2014. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio 2014 ou na temporada deportiva 2013 – 2014 no caso das subvencións en entidades deportivas e deportistas individuais.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

A contía destinada a esta liña de subvencións nos orzamentos de 2014 ascende a 960.000 euros, financiados integramente con fondos propios da Deputación Provincial de Ourense, sen prexuízo da posibilidade de que os beneficiarios complementen esta achega con fondos propios ou obtidos doutras administracións públicas.

5.º Plan de acción

As subvencións que integran esta liña de actuación instrumentaranse a través das seguintes accións:

I. Concurso de subvencións a entidades deportivas

A finalidade deste concurso é a concesión de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro para o sostemento do seus gastos de funcionamento e, máis en concreto, dos gastos derivados da súa participación nas competicións deportivas oficiais. A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2014 é de 350.000 euros.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberán aprobalas a Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2014. As bases terán en conta, entre outros criterios de valoración, a realización de actividades de deporte base, feminino e de discapacitados, e así como a incidencia social da actividade do club e a racionalidade da súa xestión económica, con especial atención á súa capacidade de financiamento con cargo a ingresos privados (coas de socios, patrocinios privados ...).

As subvencións correspondentes a esta acción concederanse mediante procedemento de concorrencia competitiva.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

II. Subvención ao Club Ourense Baloncesto.

A finalidade desta subvención é contribuír ao sostemento do Club Ourense Baloncesto. Non obstante, a subvención quedará condicionada á realización de actividades de fomento do deporte base por parte da entidade beneficiaria.

Prevense 216.000 euros para esta finalidade, cantidade idéntica á de exercicios anteriores. A subvención concederáse como subvención nominativa en atención á especial importancia desta entidade deportiva na provincia.

III. Subvención ao Club Deportivo Ourense.

A finalidade desta subvención é contribuír ao sostemento do Club Deportivo Ourense. Non obstante, a subvención quedará condicionada á realización de actividades de fomento do deporte base por parte da entidade beneficiaria.

Prevense 127.000 euros para esta finalidade, cantidade idéntica á de exercicios anteriores. A subvención concederáse como subvención nominativa, en atención á especial importancia desta entidade deportiva na provincia.

IV. Subvención ao Rally de Ourense

A finalidade desta subvención é contribuír á realización deste importante evento, de enorme importancia económica, social e deportiva. Prevese unha subvención por importe de 36.000 euros, que se concederá con carácter nominativo.

V. Concurso de subvencións para as Copas Deputación

A finalidade desta subvención é garantir o mantemento das Copas Deputación, como competición deportiva de enorme tradición na provincia e orientada fundamentalmente cara ao deporte de base. A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2014 é de 115.000 euros.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberá aprobalas a Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2014. As bases terán en conta, entre os criterios de valoración, a incidencia social da competición, a súa orientación ao deporte de base e a celebración en municipios diferentes da capital, entre outros factores.

As subvencións correspondentes a esta acción concederáse mediante procedemento de concorrencia competitiva.

VI. Concurso de subvencións para eventos deportivos

A finalidade destas subvencións é contribuír ao mantemento dunha actividade deportiva ampla, orientada ao público en xeral e baseada principalmente nos conceptos de deporte –

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

saúde e deporte para todos. As accións subvencionadas poderán ser promovidas polos concellos, entidades deportivas, entidades sen ánimo de lucro ou asociacións veciñais.

A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2014 é de 80.000 euros.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberá aprobalas a Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2014. As bases terán en conta, entre os criterios de valoración, a incidencia social das actividades e a súa orientación ao público en xeral, entre outros criterios.

As subvencións correspondentes a esta acción concederanse mediante procedemento de concorrencia competitiva.

VII. Concurso de subvencións a deportistas individuais cualificados

A finalidade destas subvencións é incentivar a actividade dos deportistas ourensáns individuais que se destacasen especialmente na temporada deportiva, tendo en conta ademais o conxunto da súa traxectoria.

A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2014 é de 25.000 euros.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberá aprobalas a Xunta de Goberno, unha vez rematada a temporada deportiva, nos meses de setembro ou outubro de 2014.

As subvencións correspondentes a esta acción concederanse mediante procedemento de concorrencia competitiva.

VIII. Fondo para necesidades imprevistas

Os orzamentos para o exercicio 2014 reservan unha partida de 11.000 euros (a 48900/34111) sen adscrición concreta. Esta partida resérvase para atención de posibles necesidades imprevistas, en a través de subvencións nominativas ou de subvencións directas, sempre e cando se produzan os supostos que permiten o emprego destas modalidades de concesión conforme coa Ordenanza xeral de subvencións. No caso de non xurdiren estas necesidades, esta partida poderá empregarse para reforzar outras liñas do presente plan.

C.4. Fomento da educación

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia prevista no artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, que inclúe entre as competencias provincias o fomento da educación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Os sectores aos que se dirixen son os estudantes universitarios de grao e posgrao, para as finalidades específicas sinaladas no apartado seguinte.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Tendo en conta a necesidade de evitar duplicidades con outras administracións públicas, as subvencións incluídas nesta liña de actuación diríxense especificamente ao colectivo de estudantes universitarios, onde se considera que é precisa unha acción complementaria da Deputación Provincial en dous ámbitos concretos:

a) Fomento da inserción laboral das persoas que rematasen os estudos de grao universitario, mediante a concesión de bolsas para prácticas en empresas en estados da Unión Europea.

b) Fomento do retorno de estudantes universitarios de orixe ourensá, mediante a concesión de bolsas para a realización de estudos universitarios no Campus de Ourense.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo antes do 1 de decembro de 2014, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio 2014.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

A dotación total para estas finalidades no exercicio 2014 é de 80.000 euros, dos que 30.000 euros proceden de fondos captados da Unión Europea a través do programa Leonardo de bolsas de inserción laboral.

5.º Plan de acción

A concesión das subvencións incluídas nesta liña levarase a cabo a través dos seguintes programas:

I. Programa de Bolsas Leonardo

Trátase dun programa de bolsas para prácticas de universitarios en empresas en estados da Unión Europea, continuación dos xa realizados en exercicios anteriores. As bolsas concederanse mediante convocatorias trimestrais ou cuatrimestrais ao longo do exercicio, mediante procedemento de concorrencia competitiva.

A dotación anual é de 30.000 euros, procedente de fondos captados da Unión Europea. O programa rematará este ano, ao concluír o financiamento europeo para esta finalidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

II. Programa de Bolsas de Mobilidade

Trátase dun programa que se implanta por vez primeira no 2014, financiado integramente con fondos propios, e que ten por obxecto substituír o programa de Bolsas Leonardo, unha vez esgotado este, subvencionando a prácticas de universitarios en empresas en estados da Unión Europea. As bolsas concederanse mediante convocatorias trimestrais ou cuadrimestrais ao longo do exercicio, mediante procedemento de concorrencia competitiva.

A dotación anual é de 40.000 euros.

III. Programa de Bolsas Ourense Exterior

Trátase dun programa de bolsas -xa existente en exercicios anteriores- para a realización de estudos universitarios no Campus de Ourense, destinadas a estudantes universitarios estranxeiros de orixe ourensá. As bolsas concederanse mediante unha convocatoria anual, mediante procedemento de concorrencia competitiva.

A dotación anual é de 10.000 euros.

C.6 Fomento do benestar social

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia prevista no artigo 118 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 36.1. d) e e) da Lei reguladora das bases de réxime local, ao considerar que o fomento da prestación de servizos sociais constitúe un interese peculiar da provincia de Ourense e contribúe ao seu desenvolvemento social, dadas as súas características sociais e demográficas, interese especificamente definido en desenvolvemento da previsións xenérica das normas citadas polo artigo 4.2.f) da Ordenanza xeral de subvencións.

Os sectores aos que se dirixen son as entidades sen ánimo de lucro que presten servizos sociais na provincia.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

O obxectivo fundamental que persegue esta liña de subvencións – que, dende o punto de vista do benestar social, debe considerarse como complementaria das accións III, IV e V da aliña C.1 – é contribuír ao mantemento dos servizos sociais (complementarios dos xestionados polo sector público) que son prestados na provincia por entidades sen ánimo de lucro. Complementariamente, resérvase unha partida para posibles investimentos por parte deste tipo de entidades.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como regra xeral e como máximo antes do 31 de xullo de 2014, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio 2014.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

A dotación total prevista para esta liña é de 395.000 euros, dos que a maior parte (350.000) irán destinados á concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a prestación de servizos sociais mediante procedementos de concorrencia competitiva.

5.º Plan de acción

A concesión das subvencións incluídas nesta liña instrumentarase a través das seguintes accións:

I. Concurso de subvencións para entidades sen ánimo de lucro que presten de servizos sociais

Esta acción consistirá na concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro que presten servizos sociais na provincia de Ourense, e dotarase con 350.000 euros. As subvencións concederanse mediante procedementos de concorrencia competitiva, e as bases reguladoras deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2014. Os criterios de valoración terán en contra, entre outros factores, a complementariedade dos servizos prestados cos xestionados polas administracións públicas e a súa incidencia social no territorio e nos colectivos afectados.

II. Fondo para investimentos de entidades sen ánimo de lucro que presten servizos sociais

Os orzamentos do exercicio 2014 prevén unha partida de ata 30.000 euros para estas finalidades. Esta contía poderá destinarse á atención de necesidades que xurdan neste ámbito ao longo do exercicio, que poderán tramitarse como subvencións nominativas ou directas, sempre que se dean os supostos previstos en cada caso pola Ordenanza xeral de subvencións. No caso de non xurdiren estas necesidades, poderá incorporarse, previa a oportuna modificación orzamentaria, para reforzar outras accións desta liña de subvencións.

III. Fondo para subvencións de emerxencia social

Os orzamentos de 2014 reservan unha partida de 15.000 euros sen adscrición específica. Esta partida poderá destinarse a subvencións de emerxencia social, en función de necesidades que poidan detectarse ao longo do exercicio, que poderán tramitarse como subvencións

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

nominativas ou directas, sempre que se dean os supostos previstos en cada caso pola Ordenanza xeral de subvencións. Esta partida poderá empregarse, igualmente, para atender obrigas sobrevidas como consecuencia da estimación de recursos interpostos contra os actos de concesión de subvencións do exercicio 2013.

C.5 Fomento do desenvolvemento económico da provincia

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvencións enmárcase na competencia provincial de cooperación no fomento do desenvolvemento económico da provincia, prevista no artigo 36.1.d) da Lei de bases de réxime local. O exercicio destas competencias provinciais instruméntase a través do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e Social (Inorde) que será o organismo competente para a xestión das liñas de subvención previstas, agás no que se refire ao fomento do termalismo, que se desenvolverá dende a propia Deputación Provincial, a través da Área de Benestar.

Os sectores afectados por esta liña serán os concellos e o sector empresarial da provincia de Ourense en xeral, en particular o que ten por obxecto a produción, promoción e distribución de produtos propios da provincia non susceptibles de deslocalización e o sector termal.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

- Contribuír ao crecemento da economía provincial mediante a concesión de subvencións aos concellos para a promoción de produtos propios da provincia non susceptibles da deslocalización.

- Contribuír ao desenvolvemento do sector termal, subvencionando estancias en establecementos balnearios da provincia.

- Contribuír á loita contra o desemprego, mediante accións de fomento da formación de emprendedores.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como regra xeral e como máximo antes do 1 de decembro de 2014, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio 2014.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

O importe destinado a estas finalidades nos orzamentos de 2014 é de 420.000 euros, dos que 300.000 euros corresponden ao Inorde e 120.000 euros á Deputación, no programa de gasto de termalismo (programa 31331) correspondentes á partida 20700 de prestación de servizos. Esta última partida inclúese no capítulo II en atención á peculiar tramitación das subvencións de fomento do termalismo, nas que o pagamento da subvención se efectúa directamente ás empresas que prestan os servizos directamente ao beneficiarios da subvención.

O financiamento destes importes realízase con fondos propios da Deputación e do Inorde, sen prexuízo da posibilidade de que os beneficiarios complementen estas achegas con fondos propios ou procedentes doutras administracións públicas.

5.º Plan de acción

Esta liña de subvencións instrumentarase a través das seguintes accións:

I. Concurso de subvencións a concellos para accións de promoción de produtos propios da provincia de Ourense

Mediante esta acción, concederanse subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos propios da provincia non susceptibles de deslocalización. O procedemento de concesión de subvencións será xestionado polo Inorde, mediante concorrencia competitiva, debendo aprobarse as bases reguladoras do concurso no primeiro cuadrimestre de 2014. As bases terán en conta a incidencia socioeconómica das accións previstas. A dotación orzamentaria para esta acción será de 100.000 euros.

II. Concurso de subvencións a organizacións empresariais para accións de formación de emprendedores

Mediante esta acción, concederanse subvencións a organizacións empresariais para a realización de accións de formación de emprendedores. O procedemento de concesión de subvencións será xestionado polo Inorde, mediante concorrencia competitiva, debendo aprobarse as bases reguladoras do concurso no primeiro cuadrimestre de 2014. As bases terán en conta a calidade e eficacia das accións previstas. A dotación orzamentaria para esta acción será de 200.000 euros.

III. Concurso de subvencións para fomento do termalismo.

Mediante esta acción, concederanse subvencións a persoas físicas para a realización de estancias e recepción de tratamentos en establecementos balnearios da provincia de Ourense. O procedemento será xestionado pola Deputación, mediante concorrencia competitiva,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

efectuándose diversas convocatorias ao ano en función dos períodos de actividade dos establecementos balnearios. Os establecementos balnearios terán a consideración de entidades colaboradoras, ben directamente, ou ben a través das súas asociacións representativas. As bases reguladoras da concesión das axudas terán en conta criterios de idade e capacidade económica dos beneficiarios.

C.6 Fomento do asociacionismo veciñal

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvencións enmárcase na competencia provincial de fomento dos intereses peculiares da provincia, prevista no artigo 118.d) da Lei de administración local de Galicia e 36.1.e) da Lei de bases de réxime local.

Os sectores afectados por esta liña serán as asociacións veciñais.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Potenciar o movemento veciñal, a través das súas asociacións, como instrumento de participación cidadá antes as administracións locais e como entidades xestoras de actividades de interese social, deportiva, cultural ou medioambiental.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como regra xeral e como máximo antes do 1 de decembro de 2014, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio 2014.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

Non existe aínda unha previsión dos custos nos orzamentos para 2014. No caso de existiren remanentes na liquidación dos orzamentos de 2013 que permitan o seu financiamento, conforme á vixente lexislación de estabilidade orzamentaria, poderá implementarse esta liña, coa dotación que se considere oportuna.

O financiamento desta liña, en todo caso, realizarase con fondos propios da Deputación, e sen prexuízo da posibilidade de que os beneficiarios complementen estas achegas con fondos propios ou procedentes doutras administracións públicas.

5.º Plan de acción

Esta liña de subvencións instrumentarase a través de concursos de concesión de subvencións a asociacións veciñais, que poderán ter como obxecto tanto o financiamento dos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

seus gastos de funcionamento como de actividades culturais, recreativas, deportivas, sociais ou medioambientais. O procedemento poderá ser tanto o de concorrencia competitiva como o de concorrencia non competitiva, podendo tamén implementarse a través da concesión de subvencións de carácter nominativo, sempre que se respecten os límites establecidos na Ordenanza xeral de subvencións.

D) Réxime de seguimento e avaliación das diferentes liñas de subvencións

No primeiro cuadrimestre de 2015 a Área de Administración Xeral emitirá un informe sobre o grao de execución do presente Plan estratéxico, no que se analizarán as principais incidencias e desviacións experimentadas, e que poderá conter propostas de mellora dos plans sucesivos. Deste informe daráselle conta ao Pleno da Deputación na primeira sesión ordinaria que realice, e o seu contido terase en conta para a planificación estratéxica que se elabore para o exercicio 2016 e seguintes.

9º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE ASISTENCIA TÉCNICA, ECONÓMICA E XURÍDICA AOS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2014.

Trala ratificación previa por unanimidade da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 27 de xaneiro de 2014.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, para o BNG o debate non debe ser tan só se estas bases son un pouco mellores que as do ano pasado, senón que o que debemos expoñer é se debe ser a Deputación a institución que asuma a competencia en materia dos servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. O BNG xa manifestou e seguirá a manifestar que debe ser a Xunta a que debe manter o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar, tamén ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, e evitar as graves consecuencias que teñen por unha parte os propios usuarios, xa que van ter que incrementar, dependendo do concello, en maior ou menor medida a participación económica; para os traballadores e traballadoras que realizan o servizo, xa que o seu emprego depende disto; e para as depauperadas arcas provinciais e municipais que, no mellor dos casos, van ter que facerlles fronte con recursos propios, para manter un servizo de calidade. Pensa que a finalidade non é outra que dotar as deputacións de contido de tal maneira que isto poida xustificar a súa existencia. Esta situación

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

está a provocar un aumento do traballo burocrático por parte dos concellos, que teñen que facer unha dupla tramitación co correspondente gasto. Polo tanto, aínda podendo entender o esforzo económico que comporta asumir desde a Deputación o plan de servizos sociais, e de xeito particular o SAF, e da insuficiente mellora nos parámetros que miden a percepción dos distintos concellos, xa que só se contemplan parámetros como o da poboación e non outros como o modulo económico, as unidades de convivencia atendidas e as ratios de cobertura, que nos darán a situación real, o BNG non pode compartir nin a filosofía de fondo, pola cal a Xunta se desentende dunha competencia propia, asignándolles un papel ás deputacións que non lles corresponde, nin a distribución económica que nin tan sequera cubre as necesidades mínimas de cobertura e deixa a moitos concellos sen apenas recursos para poder dar este servizo.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que comparten parte do que dixo o deputado do BNG. Aínda non estando a favor das transferencias que se fixeron, no seu momento apoiaron todo o que tiña que ver cos servizos sociais nesta Deputación. Pero como se fixo algunha *falcatruadilla* agora están en desacordo. É verdade que algunhas cousas se poden ir corrixindo e tamén é verdade que é un servizo fundamental para os concellos. O Grupo Socialista non vai entorpecer isto, pero tampouco pode votar a favor das bases reguladoras, aínda que o documento estea ben elaborado tecnicamente. O problema é que coa nova Lei de bases do réxime local haberá que ver en que acaba todo isto, porque ao mellor dentro de tres meses hai que volver traspasarlle as competencias á Xunta e logo esta verá a quen lla dá de novo. Esta cuestión preocúpalles a todos os concellos e debería abordarse canto antes. Anuncia a abstención do seu grupo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non vai entrar no debate de problemática competencial, pero as normas actuais son as que son, que como ben dixo o Sr. Gómez poden cambiar en pouco tempo. O grupo de goberno ten a responsabilidade de seguir traballando e prestar os servizos sociais, e para iso están estas bases, que foron publicadas no BOP e sometidas a información pública durante o prazo de 10 días, non constando ningunha alegación nin reclamación.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que esta competencia ben atribuída pola Lei 13/2008, aprobada por determinado goberno no Parlamento de Galicia, e no que o BNG tiña a competencia en materia de servizos sociais.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación súa proposta, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e da deputada dona Victoria Morenza Doorno que votou por correo (1) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar as bases reguladoras do Programa Provincial de Asistencia Técnica, Económica e Xurídica aos Concellos e Mancomunidades en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2014, co seguinte contido:

I) Bases xerais:

A) Obxecto e alcance do Programa:

Constitúe o obxecto do Programa Provincial de Asistencia Económica, Técnica e Xurídica ós Concellos en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2014 o establecemento, de xeito integral e detallado, regulando os trámites para a súa total execución, das accións que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

En consecuencia, e ó abeiro dos preceptos citados, o obxecto do Programa cínquese á programación detallada das accións de asistencia técnica, económica e xurídica ós concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos. Para estes efectos, inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ó tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, este Programa estrutúrase en tres accións:

1ª) Acción 1: asistencia económica, co obxecto de garantir o financiamento ós concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes para a contratación ou nomeamento de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

2ª) Acción 2: asistencia económica co obxecto de garantir o financiamento do servizo de axuda no fogar básico ós concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes.

3ª) Acción 3: asistencia técnica e xurídica en materia de servizos sociais, complementaria da asistencia económica. Esta prestación levarase a cabo por persoal da Área de Benestar da Deputación, consistindo na emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase de xeito prioritario ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5000 habitantes e rurais de alta dispersión.

B) Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.

Ó abeiro do establecido no artigo 7.2.e) da Ordenanza reguladora do acceso electrónico aos servizos provinciais (BOP de Ourense n.º 296, do 28 de decembro de 2009), a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que deberán ser descargados na aplicación informática <http://benourense.depourense.es> .

A comunicación da adhesión asinarase dixitalmente polo alcalde, presidente ou secretario da entidade local e remitirase telemáticamente a través da plataforma antes do 1 de marzo de 2014. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local ó Programa, sen necesidade de máis trámites. En todo caso, mediante resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ó establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior se entenderá que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións. Neste suposto, os remanentes de cofinanciamento non utilizados incrementarán

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

o importe do cofinanciamento destinado ó servizo de axuda no fogar das entidades adheridas, distribuíndose o remanente entre estas últimas conforme o criterio establecido na regra de distribución da base III.

Coa adhesión os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigas previstas neste programa e, de forma específica, a aceptación das normas de uso da plataforma informática [http:// benourense.depourense.es](http://benourense.depourense.es) tanto no programa de servizo de axuda no fogar (SAF), como no programa para a contratación de técnicos.

C) Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita Ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

D) Tramitación das subvencións de asistencia económica. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ó cobro.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base B), procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

D.1) Pagamento anticipado do 25 % do importe máximo de subvención previsto:

Antes do 1 de abril, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ó libramento, en concepto de anticipo a xustificar, do 25 % do importe máximo de subvención previsto a cada concello. Este anticipado compensarase de xeito automático co importe das subvencións correspondentes ó segundo semestre.

D.2) Xustificación e pagamento da subvención para o servizo de axuda no fogar:

A xustificación da subvención realizarase do xeito previsto na base III.3

D.3) Xustificación e pagamento da subvención para o financiamento de persoal técnico.

A xustificación realizarase do xeito previsto na base II.3.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

D.4) Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro:

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ó cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de se-lo caso.

E) Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas ós beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas as actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ó longo dos exercicios 2014 e 2015. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ó seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ó programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

F) Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Con independencia da obriga de sometemento ó control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ó presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles ós servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ó funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ó seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense, para o que se lles farán chegar as normas de información e publicidade que deberán observar aquelas entidades que se adhiran a este programa. O incumprimento das orixas de publicidade dará lugar ó reintegro ou perda do dereito ó cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ó cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

II) Bases relativas á Acción 1: Equipos técnicos municipais de servizos sociais:

II.1 Obxecto:

En virtude desta actuación, a Deputación Provincial subvencionará a contratación ou nomeamento de profesionais titulados dos servizos sociais comunitarios que integren a unidade técnica mínima establecida conforme coas características sociais, territoriais e demográficas de cada municipio no Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

De conformidade co establecido no Anexo II do dito Decreto, en relación cos artigos 33, 34 e 35, as unidades técnicas clasifícanse en Unidades de Traballo Social (UTS) Unidades de Traballo e Educación Social (UTES) e Unidades Interdisciplinares de Intervención Social (UNIS).

A través do presente Programa, a Deputación subvencionará exclusivamente a contratación ou nomeamento dos profesionais titulados das unidades técnicas de referencia das entidades locais

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

de menos de 20.000 habitantes que non sexan subvencionados pola Xunta de Galicia, conforme co previsto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

En concreto, serán beneficiarias de subvención as entidades locais (concellos ou mancomunidades) que se atopen clasificadas nos seguintes supostos conforme co Anexo I do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, para o persoal técnico mínimo establecido no Anexo II da dita norma autonómica:

a) Entidades locais de áreas rurais de 5000 ata 12000 habitantes: 1 educador social por entidade ou técnico/a medio -diferente ó traballador/a social- que complemente os servizos sociais e desenvolva funcións dentro deste ámbito.

b) Entidades locais de áreas rurais de máis de 12.000 e menos de 20.000 habitantes: 1 educador social ou técnico medio – diferente ó traballador/a social que desenvolva funcións de servizos sociais e 1 titulado superior ou en posesión de grao universitario en Psicoloxía, Socioloxía ou materia relacionada cos programas desenvolvidos polos servizos sociais comunitarios.

II.2. Contía da subvención:

O importe da subvención por profesional será equivalente ó módulo económico establecido no artigo 47.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, sendo o seguinte:

- Por cada educador social/técnico medio (UTES e UNIS): 15.013 euros.
- Por cada titulado superior ou en posesión de grao universitario en Psicoloxía, Socioloxía ou materia relacionada cos programas desenvolvidos polos servizos sociais comunitarios (UNIS): 18.043 euros.

O cadro de distribución das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes, figura como anexo I do Programa.

II.3. Xustificación e pagamento:

A xustificación realizarase do seguinte xeito:

a) Unha vez realizado o(s) contrato(s) ou nomeamento(s) do(s) técnico/a(s), o concello ou mancomunidade terá que introducir no sistema de xestión telemática os datos referidos a este contrato ou nomeamento, especificando categoría profesional, xornada de traballo, nome, apelidos e NIF, e o custe laboral previsto para estas persoas desagregando a retribución bruta e o custo de seguridade social con cargo á entidade local.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

No suposto en que a entidade local xa dispuxese do persoal técnico obxecto de subvención con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2014, farase constar esta circunstancia, considerándose que o persoal está contratado ou nomeado con data de 1 de xaneiro, para os efectos da xustificación da subvención.

Para a carga dos datos no sistema deberá utilizarse o modelo definido pola Deputación e que será descargado da propia plataforma informática.

b) No mes seguinte ó primeiro semestre natural, o sistema permitirá á entidade local interesada xerar a certificación correspondente á subvención do primeiro semestre para financiamento do persoal técnico. Esta certificación servirá de xustificación parcial da subvención, remitíndose telematicamente a través do propio sistema ata o 31 de xullo de 2014. Unha vez recibida a certificación, a Deputación procederá no prazo máximo de 30 días naturais ó libramento do importe xustificado, que será o equivalente ó 50 % da contía máxima de subvención inicialmente prevista, agás que o contrato ou nomeamento do persoal técnico tivese unha vixencia inferior ó semestre natural ó que se refire, en cuxo caso o seu importe ratearase proporcionalmente de xeito automático.

c) No mes seguinte ó segundo semestre natural, o sistema permitirá xerar a certificación correspondente a este período, remitíndose telematicamente a través do propio sistema ata o 31 de xaneiro de 2015, xunto cunha memoria descritiva dos servizos sociais efectivamente prestados segundo o modelo que figura na plataforma.

A recepción da certificación e a memoria equivalerá ó acto administrativo de declaración da xustificación da subvención, procedéndose no prazo máximo de 30 días naturais ó libramento do importe xustificado, que será o equivalente ó 50 % da contía máxima de subvención inicialmente prevista, agás que o contrato ou nomeamento do persoal técnico tivese unha vixencia inferior ó semestre natural ó que se refire, en cuxo caso o seu importe ratearase proporcionalmente de xeito automático.

d) O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable, agás causa debidamente xustificada. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse antes do 31 de xaneiro de 2015, e poderá concederse, sempre que se aprecie a concorrencia de causa xustificativa, como máximo ata o 1 de marzo de 2015. En ningún caso se concederá prórroga para un prazo vencido.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

III. Bases relativas á Acción 2: Asistencia económica para o Servizo de Axuda no Fogar**Básico.****III.1. Obxecto:**

En virtude desta acción, a Deputación Provincial subvencionará a prestación no exercicio 2012 do servizo de axuda no fogar básico polos concellos ou mancomunidades de menos de 20.000 habitantes, tanto nos supostos en que sexa prestado por xestión directa como por xestión indirecta.

Considérase SAF básico ós efectos de esta liña de subvención, aquel cuxos usuarios accedan ó servizo en réxime de libre concorrència. Considerarase tamén como usuarios en réxime de libre concorrència ás persoas que teñan recoñecido o estatuto de persoas dependentes en tanto o seu programa de atención individualizada non goce de efectividade.

III.2 Contía da subvención.

O importe da subvención por entidade local determínase pola aplicación das seguintes regras:

1) A contía máxima estimada da subvención establécese por aplicación da ratio de cobertura por habitante recollida no anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividi-lo crédito orzamentario dispoñible entre o número de unidades existentes, conforme co seguinte cadro:

Concellos de áreas caracterizadas como semiurbanas:

De 10.000 a 20.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 400 habitantes.

Menos de 10.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 350 habitantes.

Concellos de áreas caracterizadas como áreas rurais:

De 12.000 a 20.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 250 habitantes.

Menos de 12.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 175 habitantes.

Concellos de áreas rurais de alta dispersión: 1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.

Nos supostos en que o servizo de axuda no fogar sexa prestado por mancomunidades a contía será o resultado de sumalas cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

O cadro de distribución inicial das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes conforme coas regras precedentes, figura como anexo II do presente Programa.

2) A contía máxima inicial, determinada conforme á regra 1) anterior queda, en todo caso, condicionada a que o seu importe non exceda do 100 % do custe neto do servizo básico de axuda no fogar (SAF básico), que se determinará conforme ás regras seguintes:

a) Xestión directa do servizo:

O custe total do SAF estará determinado pola suma dos seguintes custes:

- O custe total do persoal auxiliar de axuda no fogar
- O custe dos desprazamentos do persoal de axuda no fogar.
- O 10 % da suma dos importes anteriores, en concepto de gastos xerais.

A partir do custe do SAF total determinarase o custe bruto do SAF básico multiplicando o custe do SAF total polo número de horas de servizos prestados de SAF básico, e dividindo o resultado entre o número de horas de servizos prestados do SAF total.

Obtido o custe bruto do SAF básico, o seu custe neto será a diferenza entre o custe bruto e os ingresos liquidados pola entidade local (ou entidade que xestione o servizo por conta da entidade local) en concepto de taxas ou prezos públicos pola súa prestación.

b) Xestión indirecta do servizo: o custe neto do SAF básico determinarase multiplicando o número de horas de servizo prestadas pola empresa adjudicataria polo prezo unitario por hora establecido no contrato administrativo correspondente. No caso de que o contrato administrativo non estableza ese prezo unitario, este será determinado pola Deputación Provincial coa información subministrada pola entidade local interesada.

A determinación do custe neto do SAF básico realizarase a través da plataforma informática, mediante a xeración da certificación correspondente, conforme ó establecido no apartado seguinte.

III.3. Xustificación e pagamento.

A xustificación da subvención realizarase de modo sucesivo e con periodicidade mensual, mediante o emprego da plataforma informática <http://benourense.depourense.es>, do seguinte xeito:

a) Antes do día 10 de cada mes, a entidade local introducirá na plataforma as previsións relativas á prestación do servizo (usuarios, persoal adscrito, horas de prestación) correspondentes ó mes en curso.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

b) Posteriormente, a medida que se vaian producindo, as entidades locais introducirán na dita plataforma as modificacións dos datos que se produzan con respecto ás previsións inicialmente comunicadas. En todo caso, antes do día 10 do mes seguinte ó da prestación dos servizos deberán introducirse a totalidade das modificacións producidas, debendo terse comunicado nese prazo a través da plataforma os datos definitivos de prestación do servizo. Concluído o prazo sinalado, non se poderán introducir novos datos no sistema, agás que se acredite causa xustificativa que impidise a súa introdución en prazo. Neste supostos, a entidade local interesada deberá solicitar da Presidencia autorización para a introdución extemporánea dos datos. A solicitude deberá formularse antes do 31 de xullo de 2014, para os datos referidos ó primeiro semestre, e antes do 31 de xaneiro de 2015, para os datos referidos ó segundo semestre. A Presidencia resolverá de modo motivado estas solicitudes, podendo habilitar ó seu través un prazo suplementario para a introdución ou corrección dos datos de que se trate.

A introdución dos datos correspondentes ós meses de xaneiro e febreiro de 2014 levarase a cabo antes do 31 de marzo de 2014.

c) No mes seguinte ó vencemento de cada semestre natural o sistema permitirá á entidade local interesada xerar a certificación correspondente ós servizos xustificados conforme ó sinalado no apartado b) anterior. Esta certificación servirá de xustificación parcial da subvención, remitíndose telematicamente a través do propio sistema ata o 31 de xullo de 2014 (primeiro semestre) e o 31 de xaneiro de 2015 (segundo semestre). A recepción da certificación equivalerá ó acto administrativo de declaración da xustificación da subvención. Unha vez recibida a certificación, a Deputación procederá no prazo máximo de 30 días naturais ó libramento do importe xustificado, que será o equivalente ó 50 % da contía máxima de subvención inicialmente prevista, agás que o custe neto efectivo do servizo xustificado sexa inferior, en cuxo caso o importe reducirase automaticamente ata igualarse co dito custe neto.

IV. Bases relativas á Acción 3: Asistencia técnica e xurídica ós servizos sociais municipais.

O equipo técnico provincial de servizos sociais integrarase por empregados públicos ó servizo da Deputación Provincial, que operarán baixo a dependencia da Área de Benestar e realizarán labores de coordinación e apoio ós equipos municipais e mancomunais, comprendendo a prestación de asesoramento e emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase en función dos medios dispoñibles pola

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Deputación Provincial en cada momento, e dirixirase prioritariamente ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5000 habitantes e áreas rurais de elevada dispersión.

Estas prestacións serán gratuítas para os concellos e mancomunidades, sendo por conta da Deputación tódolos custos salariais e de seguridade social do persoal así como as indemnizacións por desprazamento e manutención, se é o caso. Non obstante, a prestación do servizo non implicará necesariamente o desprazamento do persoal provincial á entidade local, agás cando sexa estritamente necesario.

As prestacións de asistencia técnica planificaranse de oficio dende a Deputación Provincial en atención ás demandas e necesidades formuladas polos concellos e mancomunidades.

ANEXO I

CORPORACIÓN LOCAL PRESTADORA DE SSCM	UNIDADE TÉCNICA	ÁREA	TIT. MED.	COFINANCIAMENTO	TIT. SUP.	COFINANCIAMENTO	TOTAL POR ENTIDADE
Allariz	UTES	RURAL 28	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €
Barbadás	SEMIURBANO	SEMIURB. 9	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €
Barco de Valdeorras, O	UNIS	RURAL 31	1,0	15.013,00 €	1,0	18.043,00 €	33.056,00 €
Carballiño, O	UNIS	RURAL 25	1,0	15.013,00 €	1,0	18.043,00 €	33.056,00 €
Manc. de Verín	UTES	RURAL 30	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €
Manc. do Carballiño	UTES	RURAL 25	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €
Manc. do Ribeiro	UTES	RURAL 26	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €
Manc. Santa Águeda	UTES	RURAL 24	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €
Manc. Terras de Celanova	UNIS	RURAL 27	1,0	15.013,00 €	1,0	18.043,00 €	33.056,00 €
Pereiro de Aguiar, O	UTES	RURAL 24	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €
Ribadavia	UTES	RURAL 26	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Verín	UNIS	RURAL 30	1,0	15.013,00 €	1,0	18.043,00 €	33.056,00 €
Xinzo de Limia	UTES	RURAL 29	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €

ANEXO II

	CONCELLO	ASIGNACIÓN 2014 (€)
1	Allariz	15.185,66
2	Amoeiro	5.709,35
3	Arnoia, A	2.634,12
4	Avión	6.035,17
5	Baltar	2.696,78
6	Bande	11.450,44
7	Baños de Molgas	4.446,17
8	Barbadás	12.611,69
9	Barco de Valdeorras, O	33.675,63
10	Beade	1.253,15
11	Beariz	3.020,09
12	Blancos, Os	2.441,13
13	Boborás	7.173,03
14	Bola, A	3.503,81
15	Bolo, O	2.716,83
16	Calvos de Randín	2.666,70
17	Carballeda de Avia	3.726,87
18	Carballeda de Valdeorras	4.443,67
19	Carballiño, O	34.015,98
20	Cartelle	7.927,42
21	Castrelo de Miño	4.396,05
22	Castrelo do Val	2.929,86
23	Castro Caldelas	8.690,17
24	Celanova	14.559,09
25	Cenlle	3.335,88
26	Chandrexa de Queixa	3.426,95
27	Coles	8.060,26
28	Cortegada	3.200,54
29	Cualedro	4.822,12
30	Entrimo	8.134,61
31	Esgos	2.957,43

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

32	Gomesende	2.290,76
33	Gudiña, A	8.807,13
34	Irixo, O	4.233,14
35	Larouco	1.396,01
36	Laza	3.862,21
37	Leiro	4.418,60
38	Lobeira	5.315,86
39	Lobios	12.719,46
40	Maceda	7.799,60
41	Manzaneda	5.853,88
42	Maside	7.441,20
43	Melón	3.706,82
44	Merca, A	5.506,34
45	Mezquita, A	7.625,83
46	Montederramo	5.228,14
47	Monterrei	7.328,42
48	Muíños	10.403,64
49	Nogueira de Ramuín	5.854,71
50	Oímbra	5.167,99
51	Ourense	0
52	Paderne de Allariz	3.944,91
53	Padrenda	5.624,13
54	Parada de Sil	3.789,52
55	Pereiro de Aguiar	15.804,72
56	Peroxa, A	5.225,63
57	Petín	2.461,19
58	Piñor	3.313,33
59	Pobra de Trives, A	13.965,10
60	Pontedeva	1.639,12
61	Porqueira	2.518,83
62	Punxín	2.007,55
63	Quintela de Leirado	1.794,51
64	Rairiz de Veiga	3.929,88
65	Ramirás	4.541,41
66	Ribadavia	13.331,00
67	Riós	4.518,86
68	Rúa, A	11.767,07
69	Rubiá	3.902,31
70	San Amaro	3.100,29

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

71	San Cibrao das Viñas	5.946,19
72	San Cristovo de Cea	6.416,12
73	San Xoán de Río	4.005,90
74	Sandiás	3.363,45
75	Sarreaus	3.528,87
76	Taboadela	4.115,34
77	Teixeira, A	2.426,93
78	Toén	3.216,83
79	Trasmiras	3.844,66
80	Veiga, A	2.596,53
81	Verea	2.882,24
82	Verín	34.824,77
83	Viana do Bolo	18.596,73
84	Vilamarín	5.310,85
85	Vilamartín de Valdeorras	4.982,52
86	Vilar de Barrio	3.939,90
87	Vilar de Santos	2.310,81
88	Vilardevós	5.340,92
89	Vilariño de Conso	3.695,95
90	Xinzo de Limia	25.960,24
91	Xunqueira de Ambía	4.132,89
92	Xunqueira de Espadanedo	2.235,62

10º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAIS E PROVINCIAIS DURANTE O EXERCICIO 2014.-

Trala ratificación previa por unanimidade da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 30 de xaneiro de 2014.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia a abstención do seu grupo. Isto estaba sen regular e o seu grupo propuxo que se regulase e así se fixo. Entenden que baixen as contías pola situación actual, porque non son un grupo de derrubar nada. Cre que se debería contemplar a posibilidade de que se poidan agrupar os concellos, independentemente de que teñan rozadora ou non e poder optar ás subvencións, porque non dispoñer de rozadora

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

non quere dicir que non haxa cuestións que atender. Di isto porque ás veces os concellos que reciben subvención teñen que atender estradas da Deputación e, ao mellor, os que non a reciben teñen máis quilómetros.

O **Sr. presidente** di que toma nota desa observación.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados do BNG (2) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7), e da deputada dona Victoria Morenza Doorno que votou por correo (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipais e provinciais durante o exercicio 2014.

Primeira.- Obxecto:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da concesión de subvencións a concellos e mancomunidades da provincia de Ourense para o financiamento da contratación de choferes de máquinas rozadoras, en réxime laboral e durante un período mínimo de tres meses (que en todo caso deberá comprender as datas nas que a Deputación estableza a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial, conforme co previsto na cláusula sétima, apartado b).

Nos supostos de contratación que non comprendan meses naturais completos, para o cálculo do cumprimento do período mínimo esixible computaranse os días naturais da contratación, considerándose un mes por cada trinta días naturais.

A finalidade da subvención é colaborar economicamente cos concellos e mancomunidades no sostemento do servizo público de limpeza da rede viaria municipal (servizo que se considera incluído no servizo mínimo obrigatorio de acceso aos núcleos de poboación, recollido no artigo 26 da Lei de bases de réxime local) e no cumprimento das obrigas establecidas na lexislación galega de prevención de incendios forestais. Esta colaboración condiciónase a que por parte dos concellos e mancomunidades se realicen labores de limpeza das marxes das vías provinciais e municipais, co obxectivo último de garantir o mantemento das vías en condicións axeitadas de limpeza e seguridade, dándolle ademais cumprimento ao establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Segunda.- Beneficiarios:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas no presente Programa provincial de cooperación aqueles concellos de menos de 20.000 habitantes e mancomunidades que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Dispoñer, en propiedade, dunha máquina rozadora con brazo articulado, destinada á realización de traballos de limpeza das marxes da rede viaria municipal e provincial.
- b) Dispoñer cando menos dun chofer da rozadora con contrato laboral en vigor durante, polo menos, o período mínimo do ano 2014 sinalado na cláusula primeira.
- c) Adherirse ao presente Programa de Cooperación no prazo e coas formalidades recollidas na cláusula quinta.

Terceira.- Dispoñibilidades orzamentarias:

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria resérvase crédito na aplicación 163.11/462.00 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2014, por importe de trescentos sesenta mil euros (360.000,00 €).

Cuarta.- Contía máxima das subvencións:

A contía das subvencións que se concedan ao abeiro deste Programa de cooperación será para o exercicio 2014 de 4.500,00 € como máximo, con destino ao financiamento dos custos salariais e de Seguridade Social da contratación de choferes de máquinas rozadoras.

En todo caso, a contía da subvención nunca poderá exceder do 100% dos custos salariais e de Seguridade Social soportados polo concello pola contratación de choferes de máquinas rozadoras, polo que se reducirá na contía correspondente para o caso de que o gasto xustificado polo beneficiario no citado concepto sexa inferior a 4.500,00 €.

Quinta.- Adhesión ao programa:

Os concellos e mancomunidades que desexen adherirse ao Programa de cooperación regulado nas presentes bases deberán facelo mediante resolución do órgano competente na que aprobe a dita adhesión, a cal deberá serlle notificada á Deputación Provincial antes do día 1 de abril de 2014. A resolución deberá ter o contido que se recolle no anexo I a estas bases, modelo que poderá utilizarse para documentar a dita resolución. Co dito modelo acompañarase certificación expedida polo secretario do concello ou mancomunidade acreditativa de que a entidade local dispón, en propiedade, dunha rozadora, con brazo articulado, para a realización dos traballos de limpeza das marxes da rede viaria municipal e provincial, conforme co contido recollido no anexo II.

Así mesmo, deberase achegar unha declaración do solicitante da subvención na que figure o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

Unha vez recibida esta documentación, o expediente remitiráselle ao Servizo de Vías e Obras, que poderá verificar a aptitude e idoneidade técnica da máquina rozadora da entidade solicitante para a realización dos traballos de limpeza recollidos neste Programa de cooperación. Para estes efectos, os solicitantes estarán obrigados a permitirlles aos funcionarios do Servizo de Vías e Obras a inspección da máquina correspondente. No suposto en que o Servizo de Vías e Obras considere motivadamente que a máquina rozadora non reúne as condicións técnicas necesarias para a realización dos traballos de limpeza viaria, a Presidencia denegará, baseándose no informe técnico correspondente, a autorización para a subscripción do convenio. Igualmente, denegarase a autorización para a subscripción do convenio nos casos nos que non se puidese levar a cabo a comprobación técnica da aptitude da máquina por causa imputable á entidade solicitante.

No resto de supostos, unha vez feitas as comprobacións técnicas, de ser o caso, procederase a autorizar a adhesión do concello ou mancomunidade mediante decreto da Presidencia, no que conceda a subvención correspondente ata un máximo de 4.500,00 euros. Na dita resolución, ou ben noutra resolución posterior, concretaranse as obrigas de limpeza da rede viaria provincial ás que queda condicionada a concesión da subvención, conforme co previsto na base 7ª.

No suposto en que o número de solicitudes exceda as disponibilidades orzamentarias, a Presidencia concederá as subvencións por rigorosa orde de entrada no rexistro da Deputación. Para estes efectos, tomarase a data de entrada no Rexistro Xeral da Deputación da documentación íntegra de cada solicitude, e non se terá en conta a data de presentación de solicitudes incursas en deficiencias formais.

No caso de producirse remanentes con anterioridade ao 31 de xullo de 2014 pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Presidencia, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de entrada no rexistro da Deputación, tal e como se establece no parágrafo anterior.

Nestes casos, a Presidencia establecerá, na mesma resolución de concesión, as obrigas concretas de limpeza de vías provinciais que correspondan ás novas subvencións concedidas.

Sexta.- Publicidade das adhesións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Unha vez concluído o proceso de adhesións, procederáse á publicación no Boletín Oficial da Provincia do listado de subvencións outorgadas ao abeiro do presente programa, con expresión das entidades beneficiarias e da contía das subvencións concedidas.

Sétima.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.

Con carácter especial, os concellos e mancomunidades adheridos a este Programa de cooperación quedan suxeitos ás obrigas seguintes:

a) A destinar efectivamente a máquina rozadora a tarefas de limpeza da rede viaria municipal e provincial durante o período de tempo establecido na base primeira, dispoñendo durante ese período, cando menos, dunha persoa contratada en réxime laboral dedicada a estas tarefas.

b) A realizar especificamente os traballos de limpeza da rede viaria provincial, nos períodos de tempo e nas estradas que se especifiquen na resolución de concesión da subvención ou nunha resolución posterior da Presidencia. A determinación dos ditos traballos realizaraa a Deputación conforme coas seguintes regras xerais:

- Cada concello ou mancomunidade beneficiaria estará obrigada a limpar, unha vez ao ano, un tramo ou conxunto de tramos da rede viaria provincial de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude, nun período de tempo que se indicará na resolución de concesión.

- Cada concello ou mancomunidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Servizo de Vías e Obras, cunha antelación mínima de 15 días naturais, a data concreta do inicio da limpeza, dentro do prazo establecido na resolución de concesión, a través do fax número 988 010 062.

- Os tramos obxecto de limpeza situaranse, preferentemente, no territorio da entidade local beneficiaria, pero poderán situarse en territorio de entidades locais próximas dentro da mesma comarca, tendo en conta as necesidades de mantemento da rede viaria provincial.

- A limpeza será de bermas, paseos, foxos e noiros, nunha banda de dous metros en cada marxe, deixando unha altura máxima de vexetación tras a roza, duns 5-7 cm.

- Os técnicos do Servizo de Vías e Obras comunicaranlles ás entidades locais beneficiarias, coa antelación suficiente e mediante fax, a data e hora nas que realizarán as preceptivas comprobacións da limpeza das vías provinciais que se establezan na correspondente resolución da Presidencia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Oitava.- Xustificación e pago da subvención:

A subvención xustificárase mediante a presentación dos seguintes documentos:

- 1.-Orixinal ou copia cotexada do contrato de traballo.
- 2.-Orixinal ou copia cotexada do parte de alta na Seguridade Social.
- 3.-Copias cotexadas das nóminas correspondentes ao período subvencionable do traballador contratado para tal efecto.
- 4.-Copia cotexada do TC 2 do mesmo período.
- 5.-Copia cotexada do carné B do traballador contratado.
- 6.-Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

Non será necesaria a presentación dos documentos a que se refiren os puntos 1, 2, 5 e 6 cando xa fosen achegados a esta Deputación para a sinatura do convenio correspondente ao exercicio 2013. Neste suposto, deberá indicarse por escrito na xustificación que esta documentación xa foi presentada, facendo alusión expresa a que o traballador contratado para realizar as tarefas de condución da rozadora é a mesma persoa que realizou esas funcións no convenio de 2013 e que as desenvolve ao abeiro do mesmo contrato de traballo. Non se considerará xustificada a subvención sen un informe favorable, emitido de oficio polo Servizo de Vías e Obras, no que conste a realización da limpeza das vías provinciais nas condicións establecidas por resolución da Presidencia.

Sen prexuízo do anterior, a solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

A xustificación deberá realizarse ante esta Deputación antes do 30 de novembro de 2014, unha vez rematadas as actuacións obxecto de subvención.

A Presidencia declarará a perda do dereito ás subvencións non xustificadas en prazo, total ou parcialmente, segundo proceda.

O pago realizarase unha vez xustificada de modo completo a realización do proxecto, mediante transferencia á conta corrente sinalada pola entidade local beneficiaria.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Non obstante, poderá realizarse o pago anticipado do 50 % do total estimado da subvención en calquera momento posterior á adhesión ao Programa de cooperación, sempre que se acredite ante a Deputación a súa xustificación mediante a presentación da seguinte documentación:

- Orixinal ou copia cotexada do contrato de traballo así como o orixinal ou copia cotexada do parte de alta na Seguridade Social, documentación que non será necesario presentar de novo no momento de xustificar o 50 % restante da subvención concedida.

No suposto de que o contrato do traballador e o parte de alta na Seguridade Social xa foran achegados na xustificación do convenio de 2013, bastará con indicar por escrito na solicitude do anticipo que esta documentación xa foi presentada, facendo alusión expresa a que o traballador contratado para realizar as tarefas de condución da rozadora é a mesma persoa que realizou esas funcións no convenio de 2013 e que as desenvolve ao abeiro do mesmo contrato de traballo.

Novena.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes, sempre que o conxunto das axudas percibidas non exceda do 100 % dos custos salariais e de Seguridade Social soportados pola entidade local no período mínimo recollido na cláusula primeira. No suposto de que as subvencións percibidas excedan a dita porcentaxe, a subvención reducirase ata acadar o límite sinalado. A redución poderá acordarse, de oficio ou a instancia do beneficiario, en calquera momento no que a Deputación teña coñecemento da concorrencia de axudas, e mesmo con posterioridade ao pagamento da subvención, mentres non prescriba a acción administrativa de reintegro.

Décima.- Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións:

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito ao cobro da subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluírá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo. Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Presidencia ditará a resolución que corresponda.

Undécima.- Normas supletorias:

En todo o non disposto expresamente nestas bases, seralle de aplicación ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

ANEXO I

MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN

Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2014, e en uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:

1º.- Aprobar a adhesión do Concello/ da Mancomunidade de _____ ao Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2014, solicitando que se conceda unha subvención para a contratación dun chofer de máquina rozadora durante o período seguinte:

De _____ de 2014 a _____ de 2014.

2º.- Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden do programa de cooperación, en particular as previstas na cláusula 7ª das bases que regulan o programa de cooperación, comprometéndose a realizar os traballos da rede viaria provincial que se determinen por resolución da Presidencia da Deputación, para un tramo ou conxunto de tramos de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude.

3º.- Declarar que o Concello/a Mancomunidade de _____ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Ourense, ____ de _____ de 2014

Asdo.: _____

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

ANEXO II

MODELO DE CERTIFICACIÓN DE TITULARIDADE DE ROZADORA

Don/dona _____, secretario/a do Concello/ da Mancomunidade de _____

CERTIFICO:

Que, segundo a documentación que consta nesta Secretaría do meu cargo, o Concello/a Mancomunidade de _____

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

dispón en propiedade dunha rozadora, con brazo articulado, para a realización de traballos de limpeza das marxes da rede viaria municipal e provincial.

Para que conste e para os efectos previstos na base 5ª das bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2014, expido o presente documento en _____ o ____ de _____ de 2014, e co visto e prace do Sr. _____ alcalde do Concello/presidente Mancomunidade de _____.

**ANEXO III
DECLARACIÓN AXUDAS**

Don/Dona _____,
alcalde do Concello/presidente Mancomunidade de _____, con CIF _____, **DECLARA**

Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.

Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión*	Contía

*No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase “pendente” na columna.

No caso de solicitudes denegadas, farase constar “denegada”.

Ourense, ____ de _____ de 2014
Asdo.: _____

11º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE OUTUBRO DE 2013.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de outubro de 2013.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

O Sr. **presidente** aproveita para dar conta tamén da renuncia de dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias, do PSdeG.-PSOE, como integrante do Consello Reitor do INORDE.

12º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE OUTUBRO DE 2013.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de outubro de 2013.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

13º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Tras a declaración previa por unanimidade da urxencia do asunto, tratouse a seguinte moción:

13ºA.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DA PRESENTACIÓN DA MOCIÓN DE CENSURA DA MEZQUITA.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez para que defenda o contido da moción.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que o día 22 de xaneiro, catro concelleiros independentes, exconcelleiros do Partido Popular, e un concelleiro do PSdeG, tamén exconcelleiro do Partido Popular, asinaban a presentación dunha moción de censura no Concello da Mezquita conta o alcalde do BNG, Rafael Pérez Vázquez. Para o grupo provincial do BNG, trala moción agóchanse intereses persoais e espurios totalmente alleos aos intereses dos veciños e veciñas do dito concello, e ao seu xuízo supón un caso claro de transfuguismo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

Por todo o anterior, o grupo provincial do BNG somete ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo: 1.- A Deputación de Ourense condena a moción de censura contra o alcalde do BNG, Rafael Pérez Vázquez, ao terse vulnerado claramente o código ético asinado por todos os representantes políticos do Estado en contra do transfuguismo. 2.- Instar á comisión de seguimento do pacto antitransfuguismo para que declare tráfuga ao concelleiro do PSdeG, toda vez que foi expedientado e expulsado do seu partido a raíz da presentación da moción de censura. En primeiro lugar, queren destacar a actitude, celeridade e contundencia coa que o PSdeG actuou nesta situación, abrindo un expediente de expulsión ao militante socialista da Mezquita que subscribiu a moción de censura contra o alcalde do BNG, xunto a catro edís independentes, situando a este á marxe do seu partido, polo que entendemos que estamos diante dun claro caso de transfuguismo político.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o seu grupo condena a moción de censura e pensan que detrás das mocións de censura, agás casos excepcionais, hai cuestións que teñen que ver con cuestións e intereses persoais. Non lle doen prendas dicir que moitas veces os culpables destas situacións son os que teñen a responsabilidade de elaborar as listas electorais, pero, independentemente disto, quere pensar que é unha cuestión simplemente persoal e que non está detrás ningún grupo dos representados na Deputación, porque sería unha gran decepción. Anuncia o apoio á moción e destaca que como partido político, despois de cometer erros que non se deben cometer, cre que actuaron o máis pronto posible expulsando a esta persoa, e cre que os acordos que se formulan son claros e contundentes para a comisión do pacto antitransfuguismo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que a postura do Grupo Popular é clara, aínda que, en todo caso, é unha postura xenérica. Lembra que a moción de censura aínda non se debateu, só se presentou, e pode que nin tan sequera se debata, porque non se dan as circunstancias previstas no artigo 197 da Lei orgánica do réxime electoral xeral. Aínda coincidindo co fondo da proposta do BNG o seu grupo presenta unha emenda de substitución ao acordo da moción que di o seguinte: *O Pleno da Deputación de Ourense condena calquera vulneración da normativa e acordos entre forzas políticas a nivel estatal en contra do transfuguismo*. Lembra que no Concello da Mezquita goberna o BNG co apoio do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

único concelleiro do Partido Popular, con isto quere dicir que non son bichos, aínda que preto de aquí parece que si o son.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que xustamente porque a emenda é xenérica non a poden aceptar porque estamos a falar dun caso concreto. Cada concello é un mundo e detrás das siglas están as persoas. En todo caso cómpre facer un pouco de memoria para saber cal ou cales poden ser os intereses que subxacen detrás da presentación da moción de censura. Despois de todo o acontecido na Mezquita, definido no seu día perfectamente, a respecto de que poderíamos estar diante dunha reedición da historia de *Romeo y Julieta* (Capuletos contra Montescos), fai as seguintes preguntas: ¿Cómo se xustifica a moción de censura? ¿Qué elementos novos hai que lles fagan aos promotores considerar que é absolutamente necesaria? ¿Prodúcese debido a ingobernabilidade do concello e a incapacidade do alcalde, ou hai outras razóns inconfesábeis? Dá algúns datos que botan por terra este argumento. Cando o BNG accedeu ao cogoberno da Mezquita, atopouse cunha débeda de máis de 1.200.000 euros. Esta situación foi e segue a ser un lastre enorme para o concello, a pesar do cal se foi reducindo en máis de 200.000 euros, ademais de producirse un volume importante de investimento, malia o plan de axuste que condiciona este tema. Sorpréndelles negativamente que mentres o PSdeG actuaba con dilixencia, o Partido Popular segue sen dicir nada claro, limitase a situar esta problemática como unha cuestión de ámbito local, e a botar balóns fóra dicindo que ninguén do PP foi promotor da moción. Tamén é altamente sospeitoso que o candidato promotor, Francisco José Montesinos, manifestara que antes de presentar a moción xa estaba todo pensado e atados todos os cabos. Pregúntase a qué cabos se refire. Para o BNG fica claro que a única motivación obedece ao interese de recuperar a alcaldía e encarar o vindeiro proceso electoral no ano 2015 nunha posición de vantaxe respecto dos seus competidores, por parte duns e a facer da política o seu *modus vivendi* por parte doutros. No caso do actual portavoz dos independentes, xa se verá se como independente ou por algunha plataforma electoral das existentes se presenta nas seguintes eleccións. Non sería nin o primeiro, nin o último caso nin lles sorprendería.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que este non é un caso de risa e se entramos no fondo da cuestión habería que saber por qué o señor que promove a moción de censura non está agora no Partido Popular ao que pertencía e tiña dedicación exclusiva nesta casa. Reitera que moitas veces o fallo está na elaboración das listas electorais. Pensa que hai que condenar este acto e non sabe por qué lle custa tanto ao Partido Popular aprobar a moción tal

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

como está, porque é xenérica e exclusiva dentro do concello. Anuncia que o seu grupo tamén aproba a emenda porque aínda sendo xenérica fala de condenar o que queren condenar todos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, pensa que deixou claro que estaban de acordo co fondo da moción e que presentaban unha emenda xenérica porque a concreta que se presenta na moción do BNG é rexeitar algo que aínda non sucedeu e que previsiblemente non suceda, polo que, ao mellor, esta moción habería que presentala no vindeiro pleno e non neste. En canto a que o promotor da moción estivo neste grupo de goberno di que un concelleiro do Partido Socialista agora tráfuga, ou presunto tráfuga, antes pertencía ao Partido Popular, co que quere dicir que en todas as casas comen fabas. Reitera que o actual alcalde da Mezquita (do BNG) é alcalde co apoio do concelleiro do Partido Popular e dos concelleiros do Partido Socialista, iso é a luz do día, a pleno sol, noutros sitios (espera que non se molesten) gobiñase na sombra.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que xa saben os apoios cos que goberna o alcalde da Mezquita, non fai falta que llos repitan en cada quenda. Tamén saben que en Celanova non se presentou ningunha moción de censura e que o Partido Popular terá que resolver un problema interno e o alcalde segue sendo o mesmo que estaba antes. En política pode pasar calquera cousa e nesta provincia aínda máis. Pregúntalle ao Sr. presidente se sabe cantas veces, nos últimos días, visitou esta casa o promotor da moción de censura, o señor Montesinos. El mesmo contesta que dúas nunha semana, a última coincidindo co día previo á moción de censura. ¿Son malpensados? Pode ser.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación, en primeiro lugar, a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, que obtén o voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), polo que queda aprobada esta emenda de substitución e non procede xa a votación da moción. En consecuencia o Pleno adopta o seguinte acordo:

- O Pleno da Deputación de Ourense condena calquera vulneración da normativa e acordos entre forzas políticas a nivel estatal en contra do transfuguismo.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda producíronse as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

O Sr. presidente anuncia que os grupos da oposición presentaron catro preguntas para ser respondidas de xeito oral.

A primeira é a rexistrada de entrada co número 1.844 o 24 de xaneiro, formulada polo **Sr. Gómez Pérez, do Grupo Socialista**, e di o seguinte: *nos últimos oito anos cantos contratos, con qué categoría e qué duración tiveron, así como cal foi o custo bruto máis Seguridade Social nesta Deputación de don Lorenzo González Rodríguez, portavoz do Partido Popular en Carballada de Avia.*

O **Sr. presidente** responde que don Lorenzo González Rodríguez asinou cinco contratos, tres como axente de emprego e desenvolvemento local e dous coa categoría de ordenanza. A duración deles foi de 3 anos e 8 meses e o custo global bruto máis Seguridade Social ascende a 91.574,32 euros.

A segunda pregunta, formulada tamén polo **Sr. Gómez Pérez, do Grupo Socialista**, n.º de rexistro de entrada 1.845 do 24 de xaneiro, co seguinte texto: *qué opinión lle merece á Presidencia que o deputado provincial don Francisco Rodríguez Rodríguez teña cobrado dietas dobres pola Deputación de Ourense e o Concello de Chandrexa de Queixa para realizar labores no mesmo día na capitalidade provincial.*

O **Sr. presidente** responde que en ningún caso se está a falar de axudas de custo por asistir a dous órganos diferentes en dúas institucións distintas. Trátase da circunstancia de que, segundo di o interesado, en tres ocasións viaxou o mesmo día a Ourense pola mañá (para facer cuestións relacionadas co Concello de Chandrexa de Queixa) e pola tarde (para asistir aos órganos colexiados da Deputación). Estamos a falar, por parte da Deputación, de axudas de custo de locomoción, por importe cada unha delas de 22,80 euros, que fan un total de 68,40 euros.

A terceira pregunta, formulada polo **Sr. Rodríguez Puga, do Grupo do BNG**, con número de rexistro de entrada 1.973 do 27 de xaneiro, co seguinte contido: *o presidente da Deputación de Ourense ven de anunciar a contratación de “expertos internacionais” para captación de recursos da UE. Ata onde sabemos asinou un compromiso de colaboración coa multinacional Pricewaterhouse Coopers, PwC. Por todo o anterior queremos pedirlle ao presidente da Deputación que explique en detalle cal é o obxecto do contrato, por qué se lle adxudicou a esta empresa, a canto ascende o contrato e cal é a súa vixencia.*

O **Sr. presidente** responde que se trata dun acordo coa empresa e a Deputación pretende que axude e colabore no deseño da captación de fondos comunitarios neste novo horizonte

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

estratéxico. O importe é de 17.900 euros máis IVE. É un contrato menor e é unha decisión do goberno da Deputación e os resultados desta alianza veranse cando se coñeza o destino dos fondos comunitarios, e con respecto aos anuncios que se poidan facer nos vindeiros meses con relación á formulación que se faga no escenario e no contexto deses proxectos europeos.

A cuarta pregunta, formulada polo **Sr. Gómez Pérez, do Grupo Socialista**, con número de rexistro de entrada 1.991 do 27 de xaneiro, co seguinte texto: *tendo constancia de que en varias veces o Concello de Maceda se dirixiu ao anterior presidente e tamén ao actual, para expoñer o grave problema que existe no cruzamento de dúas estradas ao carón do campo de fútbol da vila, OU-0107 e OU-0106, tendo tamén constancia de que a concelleira socialista no Concello de Maceda presentou unha iniciativa ao respecto no dito concello, que logo se lle enviou á Deputación e que esta fixo un informe ao respecto. Solicita que se responda a esta pregunta oralmente no vindeiro Pleno: ¿ten previsto a Deputación Provincial de Ourense acometer a instalación dunha glorieta no cruzamento destas dúas estradas? ¿Ten a Deputación Provincial de Ourense pensado acometer algún outro tipo de obra ao longo deste ano no dito cruzamento?*

O **Sr. presidente** responde que en varias conversas co alcalde do Concello de Maceda, que foi quen se veu entrevistar con el en diferentes ocasións, se están a estudar posibilidades. Existe un informe de Vías e Obras para as diferentes alternativas. Hai unha vía provincial e unha vía municipal. Anuncia que lle trasladará o dito informe para que teña a mesma información que ten o alcalde de Maceda nestes momentos.

Non habendo máis preguntas escritas para resposta oral, ábrese a quenda de intervencións, producíndose as seguintes:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, quer facer constar a seguinte aclaración: o BNG parte dun principio básico que é o de presunción de legalidade. Aprobaron o Plan Daredo como unha necesidade vital para a depuración na provincia. O BNG non ten expertos técnicos que sexan capaces de discernir se os pregos buscan finalidades espurias e o que se fixo foi unha denuncia dun particular en 2007 que fixo saltar á banca, obrigando á OLAF a intervir. A partir de aí os que fixeron a trampa con intención que asuman as consecuencias, porque o BNG non está disposto a asumir consecuencias de algo que non fixo.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, subscribe as palabras do portavoz do BNG. O Grupo Socialista non vai asumir en ningún caso esas consecuencias. Á

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de xaneiro de 2014

parte disto, rógalle á Presidencia que os decretos se publiquen con máis celeridade que actualmente, porque moitas veces é complicado facer o labor de fiscalización, porque se informan de que pasan as cousas tres meses despois.

O Sr. presidente di que toma nota do rogo e que así se fará, porque é un interese xeral para todos.

E, ás 14:45 horas do citado día trinta e un de xaneiro de dous mil catorce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,